

I.E.S. S.BASANTA SILVA DE VILALBA

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2007-2008

Introducción	1
Metodoloxía xeral	2
B.A.C.:	
Filosofía 1º	4
Ética e Filosofía do Dereito de 1º de BAC	13
Cultura Relixiosa 1º de BAC	20
Historia da Filosofía de 2º de BAC	23
Socioloxía e Ciencias Políticas de 2º de BAC	31
E.S.O.:	
Ética de 4º de ESO	39
Cultura Relixiosa de 4º de ESO	47
Historia e Cultura das relixións de 3º e de 1º da ESO	50
Atención á Diversidade	56
Temas Transversais	58
Programa de reforzo a Pendentes	59
Proposta de actividades complementarias e extraescolares	60
Departamento de Filosofía. Curso 2006-2007	62

INTRODUCCIÓN

Como ano tras ano ao comezar un novo curso a pregunta que máis nos repite o alumnado é: “E isto para que serve, profe?”. Quizais, sen ánimo de esaxerar sexa esta a pregunta que máis veces escoitamos os profesore/as de Filosofía. Inmersos nunha sociedade na que prima a “utilidade”, o carácter pragmático das cousas e das accións, ao profesorado da nosa materia tócanos botar por terra esa carga de “inutilidade” da mesma; e ao mesmo tempo, que o alumnado volva a súa atención cara a unha das súas dimensións vitais esquecidas: a dimensión reflexiva, crítica e autónoma.

Ao mesmo tempo que a sociedade do século XXI prima a dimensión pragmática demanda ao sistema educativo unha formación que permita ao alumnado a adquisición de competencias vitais para conseguir a participación activa e con éxito na sociedade. Estas competencias de carácter específico e transversal, fundaméntanse nunha mellor organización da aprendizaxe, das relacións sociais e interpersonais e polo tanto, esixen cambiar un enfoque centrado na ensinanza por un enfoque centrado na aprendizaxe. E ese é o noso obxectivo: potenciar o pensamento crítico e a autonomía dos nosos alumno/as; xa que así entendemos nós a filosofía: como actividade reflexiva, como proceso, non como acumulación de datos alleos ao noso devir cotiá.

A capacidade de interrogar á realidade e esencialmente humana, o profesorado debe orientar, mediar para que as aprendizaxes que se produzan sexan significativas seguindo unha metodoloxía que sexa coherente coa concepción que preside esta programación, concepción constructivista da aprendizaxe que recolle as aportacións fundamentais da psicoloxía cognitiva nas ultimas décadas. Unha metodoloxía que motive ao alumn@ e saiba aportar novos instrumentos que axuden a resolver o conflito cognitivo que se xera en quen aprende para tentar acadar respostas coherentes e integradoras, de recuperación do equilibrio nos esquemas cognoscitivos de quen se enfronta a dito proceso. Negociando o conflito que se produce en quen recibe de forma activa novos datos e pretende incorporalos nos seus esquemas previos de coñecemento nunha síntese harmónica

Para poder responder ao desafío de adaptación ás circunstancias cambiantes e ás esixencias presentes e futuras temos que, desde todas as nosas materias, aportar estratexias metodolóxicas e contidos que potencien as capacidades de razoamento, e así facer que xurdan actitudes que sexan capaces de construír unha sociedade máis xusta. Ante as novas formas de racionalidade que nos ameazan temos que ser capaces de responder con diálogo e reflexión.

Sabemos que a nosa tarefa no é sinxela pero aínda se fai máis difícil se non temos todos medios necesarios ao noso alcance. Por iso, tal como anos anteriores leva facendo este seminario, solicitar dende aquí un novo reparto de orzamentos máis equitativo coas circunstancias reais dos noso instituto, xa que calquera proxecto didáctico quedará diezmado na súa consecución se non se teñen as condicións económicas necesarias.

METODOLOXÍA

Os obxectivos da asignatura de Filosofía fan preciso unha metodoloxía que exercite a capacidade reflexiva do alumn@ e a súa autonomía de pensamento, tal como aparece no DOGA do 15 de xullo do 2002, onde se sinalan indicacións específicas para impartir a materia de filosofía e en coherencia con ditas orientacións se propoñen dende o Departamento as seguintes estratexias metodolóxicas.

“A filosofía debe servirles para acadar unha concepción integrada do seu mundo, debe proporcionarles unha visión global do papel que desempeñan os distintos saberes e crenzas, e tamén da organización sistemática do seu propio pensar filosófico.” Parécenos así adecuado compaxinalos co uso doutras informacións e estratexias que posibiliten o achegamento dos contidos ós seus problemas vitais e motívalos para exercitar a mente nun razoamento ordenado que ó mesmo tempo lles resulte interesante e, polo tanto, posibilite unha actitude positiva ante a filosofía nas distintas materias do presente curso.

Insistindo na cuestión de que a mera transmisión mecánica de información non supón adquisición dos coñecementos, é preciso incorporar simultaneamente técnicas de traballo intelectual que exerciten habilidades e destrezas. O tipo de mundo no que vivimos, a complexidade da sociedade actual, así o demanda tamén; a rápida e innovadora sucesión dos coñecementos, a relación do poder coa información, fan necesario o saber acceder por un mesmo a moitos datos, os continuos cambios forzan á transformación e a reciclaxe. As habilidades e destrezas permiten unha mellor adaptación a un tipo de vida e sociedade máis dinámicas.

Segundo o curso de que se trate, se é de iniciación ou non, e as necesidades concretas dos contidos oficiais, terá que variar a importancia e o tempo dedicados a cada unha das estratexias e actividades destinadas a complementar cada tema dun xeito dinámico e non meramente receptivo. A continuación resúmense algunhas das principais estratexias a ter en conta:

Cuestións Previas ou Preconceitos:

- Ao inicio de cada Unidade Temática ofreceránselle aos alumnos/as unha serie de cuestións relacionadas coa unidade a explicar, nas que traballarán só co seu saber adquirido, é dicir, non poderán consultar ningún tipo de material para poder realizalas. Trátase de saber que é o que saben para poder traballar desde iso, eliminando erros ou afianzando o xa sabido, e integrando a nova información co xa interiorizado.

Comentario de textos filosóficos:

- Daranse indicacións precisas sobre como comentar un texto filosófico deixando clara a importancia da orixinalidade persoal tanto no enfoque como no desenvolvemento, aínda que tendo en conta a súa inexperiencia, as orientacións deberán ser a base inicial de tal técnica.

- Os textos serán significativos dos temas e filósofos estudados situando o comentario nun momento apropiado en relación coa exposición da información e como complemento activo a mesma.
- Terase especialmente en conta a asimilación de vocabulario específico da filosofía como paso previo á comprensión dos textos de carácter filosófico.

Elaboración de traballos temáticos

- Actividade tendente a unha máis exhausta profundización dalgún aspecto concreto ou tema relacionado coa materia dada no curso.
- Os traballos serán expostos na clase, polo menos unha síntese có obxecto de que os demais teñan a oportunidade de enriquecerse cos novos datos e estes non queden reducidos ó só ámbito do alumn@ ou pequeno grupo de alumn@s que o realizou.

Sínteses, esquemas e Mapas Conceptuais:

- Axudan a cimentar os coñecementos adquiridos ó permitir e facilitar posteriores repasos.
- Forzan a mente á orde de pensamento, a evitar a ambigüidade e dispersión que puidera existir.

Resolución de problemas e cuestións filosóficas:

- Tanto individual como colectivamente, en pequenos grupos na clase (o que tamén permite a posta en común dos resultados).

Debates:

- Organizados sobre algún tema preparado previamente, polo tanto, baseado en información e non en divagacións.
- Moderados e axudándolles a respectarse no diálogo, fomentando esa actitude reflexiva pero tamén tolerante coas ideas alleas ou discrepantes.

Utilización de medios de comunicación de masas

- Có fin de favorecer unha mellor comprensión do alcance da filosofía como actividade aberta a todos os campos e non como algo clausurado, alieo á súa realidade cotiá e vital.

Comentarios de películas, novelas ou acontecementos:

- Todo aquilo que posúa atractivo e utilidade para crear unha madurez crítica e que soe xurdir ó longo do curso non debe ser desprezado como factor motivador. Tamén resulta especialmente ilustrativo, sobre todo nos temas con matices éticos e sociopolíticos, o teatro lido ou a complementación da exposición con temas en cómic ou viñetas polo seu poder de crítica irónica e porque é no humor onde quedan patentizadas moitas das contradicións dos nosos comportamentos e da sociedade en xeral (problemas que viven neste momento os nosos mozos)

Taboleiro interactivo

- Como en anos anteriores no taboleiro de filosofía se ira deixando, con carácter renovable cada semana, información complementaria sobre os contidos filosóficos: xogos tóxicos para atraer a súa atención, pensamento de filosofías doutros pobos e culturas, de mulleres filósofas, nun intento de que se valore o seu pensamento cara o que é o recoñecemento da igualdade de oportunidades e saída das actitudes etnocéntricas tan presentes na nosa sociedade.

BACHARELATO

FILOSOFÍA DE 1º B.A.C.

Na sociedade actual estase a ver cada vez máis como unha necesidade urxente o feito de que os individuos estean formados para participar dentro dos procesos dunha sociedade democrática, sendo capaces de situarse no mundo dun modo responsable e sobre todo tendo unha maneira de actuar autónoma, sendo capaz de elixir e decidir en cada momento. Para ter tales capacidades é necesario ter desenvolvida a capacidade de reflexionar racional e criticamente sobre os problemas que se nos suscitan tanto práctica como teoricamente.

A reflexión filosófica, en Occidente, estivo baseada dende as súas orixes no uso crítico da razón, un uso que pretende ser cada vez máis rigoroso e que esixe que se asimilen tanto os elementos tóxicos que estruturan e aseguran o noso pensamento, como a capacidade de análise que nos permite dividir os problemas en partes e, polo tanto, nos facilita coñecer os seus detalles e características.

Os problemas aos que se enfronta a Filosofía son os problemas fundamentais aos que se enfronta o home mesmo; son preguntas radicais sobre el mesmo e sobre todo o que lle rodea. Estes problemas teñen polo tanto un alto grao de amplitude e universalidade, integrando na súa propia formulación, os resultados doutras áreas do saber.

O obxectivo da Filosofía no Bacharelato é o de estimular o uso da reflexión racional, de estimular o uso de actitudes críticas baseadas nun pensamento aberto, coherente, flexible e rigoroso. Esta reflexión somete a análise aspectos da experiencia humana tal e como se presentan neste momento histórico, pero prestando atención a como se corresponden cos problemas fundamentais que a Filosofía vense cuestionando dende os seus inicios.

Obxectivos xerais:

Asumimos os establecidos no DCB da materia.

- Comprender os principais problemas filosóficos tratados ao longo da historia.
- Empregar con propiedade e rigor os principais termos e conceptos filosóficos.

- Analizar a coherencia interna dos textos filosóficos, identificando os problemas propostos e valorando criticamente os supostos filosóficos e as solucións presentadas.
- Adoptar unha actitude crítica ante cuestións teóricas e prácticas, esixindo a súa debida fundamentación.
- Reflexionar sobre as opinións, posicións filosóficas ou crenzas dos outros e aprecialas como un modo de enriquecer, clarificar ou poñer a proba os propios puntos de vista.
- Argumentar de modo racional e coherente os propios puntos de vista, tanto de forma oral como escrita.
- Utilizar o diálogo para contrastar e debater diferentes puntos de vista.
- Coñecer e valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta na que exista unha efectiva igualdade de oportunidades.
- Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no respecto polos dereitos humanos individuais e colectivos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
- Adoptar unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por razón de sexo, raza, crenzas ou doutros características individuais e sociais.

Contidos:

Os contidos os presentamos divididos en seis bloques temáticos, seguindo o DCB da materia : O Saber Filosófico, O Coñecemento, A Realidade, O Ser Humano, A Acción Humana e por último A Sociedade. Pretendemos darlle unha forma circular aos temas para volver constantemente sobre eles, propiciando a integración do que se vaí aprendendo, e sobre todo pola facilidade que nos permite para realizar isto o ter ao ser humano como fío conductor do todo o curso.

Cada unidade didáctica iniciárase cunha serie de actividades previas coas que se pretende saber que coñecementos posúe o alumno. Traballárase fundamentalmente con material escrito (textos filosóficos ou de outro tipo que traten temas relacionados coa materia a impartir) pero tamén pode verse ampliado con outro tipo de recursos, como por exemplo materiais audiovisuais. Temos que comentar que a tarefa das profesoras á hora de conseguir un seguimento individualizado e pormenorizado de cada alumno seguindo o establecido pola lei educativa vése seriamente dificultada pola cantidade de alumnos por aula, nalgúns casos de 30. Debido a isto utilizaranse exames de contidos conceptuais para ter un mellor control sobre o desenvolvemento do alumno coa materia.

Bloque 1º: O saber filosófico.

Neste bloque preténdese proporcionar unha visión de conxunto do que representou e representa para a cultura occidental o saber filosófico. Para iso trataremos do seu sentido e necesidade como actividade teórica distinta

doutros saberes e complementaria aos mesmos. Tamén é necesario resaltar a grande vinculación da filosofía e polo tanto dos filósofos co seu contexto histórico.

Contidos Conceptuais:

1ª U.D. O saber filosófico

- Nacemento da filosofía.
- Que é a Filosofía?: definicións dadas por diferentes autores, cal é o obxecto da filosofía, a Historia da Filosofía, comparación con outros saberes (ciencias e relixión).
- Características e funcións da actividade filosófica.

Contidos Procedimentais:

- Lectura e análise textos relacionados co explicado.
- Elaboración de mapas conceptuais.
- Realización de cadros comparativos das distintas posturas.
- Realizacións de exercicios e posteriores debates na aula.
- Elaboración dun caderno persoal de traballo (liberdade de formato)

Contidos Actitudinais:

- Valoración da reflexión filosófica como forma de acceso aos problemas fundamentais do home contemporáneo.
- Aprecio pola coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das propias ideas.
- Desenvolvemento de actitudes de tolerancia e respecto ante a diversidade de opinións humanas.

BLOQUE 2º: O coñecemento.

Este segundo bloque recolle do primeiro bloque a necesidade de seguir analizando a problemática que suscita o coñecemento humano, xa que vimos que a filosofía é un modo peculiar de coñecer. Trataremos neste bloque polo tanto, os problemas filosóficos que foron dándose historicamente en torno ao coñecemento, temas tales como: o problema da verdade, dos seus posibles criterios e do alcance do coñecemento tanto científico como filosófico.

Contidos Conceptuais:

2ª U.D. A verdade como problema

- A historia do problema filosófico da verdade.
- O coñecemento como proceso. A experiencia sensible.
- O coñecemento como proceso. Os conceptos.
- Coñecemento e linguaxe.
- Teorías sobre a verdade.

3ª U.D. Coñecemento e argumentación.

- A linguaxe argumentativa.

- A lóxica e o razoamento deductivo.

4ª U.D.O Coñecemento Científico.

- Características do coñecemento científico.
- As ciencias e a ciencia: clasificación.
- As hipóteses científicas.
- A contrastación das hipóteses científicas: problemas epistemolóxicos da contrastación das hipóteses.
- Avaliación e cambio das teorías científicas

Contidos Procedimentais:

- Realizacións de mapas conceptuais.
- Recoñecer os diversos elementos que integran os procesos cognitivos por medio de diversa fontes de información e realizando esquemas conceptuais.
- Realización de actividades prácticas que demostren na vida cotiá como usamos os distintos elementos do coñecemento.
- Aprender a realizar procesos sinxelos de investigación sobre problemas reais ou simulados, formulando hipóteses explicativas e analizando e practicando os elementos da investigación científica.
- Lectura de textos filosóficos que teñan que ver co problema da verdade.

Contidos Actitudinais:

- Adoptar unha postura crítica sobre os mecanismos cos que se desenvolve a nosa relación co mundo e tomar conciencia dos seus límites.
- Crear actitudes autocríticas e antidogmáticas.
- Aprecio polo traballo en grupo e socialmente elaborado.
- Fomentar o interese pola investigación nos problemas fundamentais da filosofía occidental.

BLOQUE 3. A Realidade

Neste bloque trataremos os problemas filosóficos que presenta a realidade, entendida esta como o conxunto de obxectividades non realizadas polo ser humano e que configuran o mundo físico ou natureza. Acceder a esta realidade foi unha aspiración histórica constante da filosofía. O alumno potenciará o seu sentido crítico ante a variedade histórica das explicacións científicas do mundo físico, así como dos modelos teóricos sobre o universo.

5ª U.D.O mundo físico e a ciencia. As cosmovisións científicas

- Da imaxe aristotélica do universo á galileana.
- Do mecanicismo ao relativismo.

6ª U.D. Metafísicas espiritualistas e materialistas.

- O concepto de metafísica.
- A metafísica cartesiana.
- Spinoza e o materialismo.
- Leibniz e o espírito

7ª U.D. Os grandes problemas da metafísica occidental

- A negación da metafísica.
- Metafísica como fundamentación da moral.

Os dous temas de Metafísica e historia serán en parte substituídos por unhas nocións de historia da filosofía cada mes onde se aborden eses temas. Cada mes daráselles un folio ou dous e que vexan eses conceptos a partir dos autores.

Contidos Procedimentais:

- Lectura e análise de textos relacionados co explicado.
- Elaboración de mapas conceptuais.
- Realización de cadros comparativos das distintas teorías.
- Realizacións de exercicios e posteriores debates na aula.

Contidos Actitudinais:

- Recoñecer a problemática na que se desenvolve a nosa relación coa realidade e adoptar unha postura crítica ante as diferentes posturas dos autores que tratan este tema.
- Fomentar o interese pola historia e evolución do pensamento humano.
- Valorar o traballo realizado polos diferentes autores ao longo da historia para intentar resolver os diferentes problemas que se podían prantexar.
- Reflexionar sobre a importancia dos problemas plantexados neste bloque na vida humana.

BLOQUE 4º: O ser humano.

Contidos Conceptuais:

8ª U.D. O Animal Humano

- A xénese do ser humano: diferentes teorías explicativas ao respecto. Proceso de hominización.
- A especificidade do ser humano. O proceso de humanización.

9ª U.D. Natureza e Cultura:

- Cultura: definición e conceptos básicos relacionados con ela.
- Pluralismo, etnocentrismo e relativismo cultural.
- Proceso de socialización. Por que non somos iguais?.

10ª U.D. Reflexión filosófica sobre o ser humano:

- A pregunta polo ser humano.
- A antropoloxía grega.
- A antropoloxía cristiá.
- Do Renacemento á modernidade.
- Materialismos e crise da Ilustración.

- O ser humano na actualidade.

Contidos Procedimentais:

- Lectura e análise de textos relacionados co explicado.
- Elaboración de mapas conceptuais.
- Realización de traballos individuais ou en grupo.

Contidos Actitudinais:

- Valoración da reflexión filosófica como forma de acceso ás problemas fundamentais do home contemporáneo.
- Preocupación pola nosa orixe e consideración do home como un animal máis dentro da escala evolutiva.
- Aprecio pola coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das propias ideas.
- Valoración crítica da propia cultura e respecto polas culturas alleas.
- Aposta pola dignidade humana.
- Desenvolvemento de actitudes de tolerancia e respecto ante a diversidade humana.

BLOQUE 5º: A acción humana.

O ser humano mantén unha relación co seu contorno que non se reduce a unha interpretación teórica senón que actúa sobre el. Por iso neste bloque insistiremos sobre a articulación profunda e constante entre a dimensión teórica e a práctica.

Contidos Actitudinais:

11ª U.D. O traballo e a técnica.

- A vida contemplativa e a vida activa.
- A produción material.O traballo.
- A produción técnica e a acción moral.

12ª U:D. A experiencia estética.

- A definición de arte.
- A avaliación da obra de arte.
- A crise da arte na sociedade actual.

13ª U.D. A Acción moral.

- A acción moral.Ética e moral.
- Relativismo e universalismo moral.
- Ben e a felicidade.
- Deber e o ben moral.

Contidos Procedimentais:

- Facer análise de textos.
- Facer pequenos traballos de investigación.
- Expresar de forma oral e escrita as propias ideas.
- Facer debates en grupo. Discusión de dilemas morais.
- Realizacións de mapas conceptuais relacionando as diferentes dimensións da acción humana.

Contidos Actitudinais:

- Valorar os aspectos negativos e positivos do progreso técnico.
- Reflexionar sobre a importancia do traballo na vida humana.
- Tolerancia e respecto cara ás distintas cosmovisións e formas ideolóxicas.
- Sensibilidade cara ós problemas morais do noso tempo.

BLOQUE 6º: A Sociedade.

Contidos Conceptuais:

14ª U.D.O Dereito e a xustiza:

- O dereito.
- A xustiza.
- A democracia.
- Cambio social.

15ª U.D. A orixe da sociedade e do estado.

- Estado de natureza e o estado social.
- Orixe e lexitimidade do poder.
- Nación e estado.

Contidos Procedimentais:

- Comentarios de texto sobre a sociabilidade humana.
- Realización de debates sobre algún dos aspectos tratados.
- Realización dun pequeno traballo de investigación, utilizando diferentes fontes de información..
- Elaboracións de mapas conceptuais

Contidos Actitudinais:

- Aceptación do pluralismo cultural, social e político.
- Valoración positiva do dereito e a xustiza como formas de regulación de existencia.
- Interese por entender as transformacións sociais, económicas e políticas do mundo actual.

Materiais

Traballaremos co libro de texto para esta materia da editorial Xerais, como xa vimos facendo dende hai anos. Asemade a profesora pode ampliar este material con fotocopias de textos ou de artigos de prensa, ou calquera outro material que considere necesario. Asimesmo, si é necesario, poderase recorrer a aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos e tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca. O alumnado realizará cada trimestre un traballo de investigación sobre un tema fundamental dos contidos que nese momento estean traballándose na clase cunha parte creativa que expoñerán como sempre nos corredores. Terán xa temas, datas de entrega e tamén de exames sinalados dende o primeiro día de clase para que comprendan a importancia e seriedade con que teñen que enfocar o traballo de aula e non só o exame. A realización destes traballos é necesaria para superar a materia de cada avaliación pois leva investigación, reflexión persoal e metareflexión no momento de presentalo creativamente. O obxectivo fundamental é potenciar ás súas propias ferramentas de argumentación e de pensamento autónomo.

Secuenciación:

Non é necesario insistir aquí a dificultade que conleva facer unha secuenciación dun temario a impartir, xa que esta pódese ver alterada por certas circunstancias ao longo do curso. Nembargantes, como título orientativo consideramos a seguinte distribución:

- 1ª Avaliación: unidades 1ª, 2ª, 3ª e 4ª
- 2ª Avaliación: unidades 5ª, 6ª e 7ª
- 3ª Avaliación: unidades 8ª, 9ª e 10ª.

Mínimos

Bloque 1º. O saber filosófico

- Nacemento, definición da filosofía e a súa diferenza con outros saberes (ciencia e relixión)

Bloque 2º. O Coñecemento

- Características do coñecemento científico e do método científico
- Definición e contrastación das hipóteses científicas
- Recoñecemento dos tipos de falacias estudadas no tema 3
- Ser capaces de formalizar argumentos y realización de táboas de verdade
- Comprensión do proceso do coñecemento: experiencia sensible, conceptos
- Identificar o problema filosófico da verdade
- Identificar e explicar as diferentes posturas mantidas ao longo da Historia da Filosofía sobre a orixe e os límites do coñecemento.

Bloque 3º. A Realidade

- Identificar e comprender as características xerais seguintes explicacións sobre a orixe do universo: aristotélica-ptolemaica, renacentista, moderna e contemporánea
- Definición de Metafísica e a súa clasificación en materialistas e espiritualistas

Bloque 4º, O Ser Humano

- Proceso de Hominización
- Proceso de Humanización
- Definición de cultura. E identificación das distintas posturas ante ela
- Proceso de Socialización
- Identificar a pregunta filosófica polo ser humano

Bloque 5º. A Acción Humana

- Identificar e distinguir as diferentes relacións que o ser humano mantén co seu entorno:traballo, técnica e estética
- Identificar cando unha acción é moral.
- Distinguir entre Relativismo e Universalismo moral

Bloque 6º. A Sociedade

- Identificación, explicación e interrelación entre: dereito, xustiza, democracia
- Diferenciar entre estado de natureza / estado social

Criterios de avaliación

- Obter información relevante sobre un problema concreto a partir de materiais que proveñan de fontes diversas e adecuadas a un curso introductorio; elaborar a información, contrastala e utilízala criticamente.
- Analizar textos breves sinxelos de carácter filosóficos, identificando o problema que se prantexa, explicando o vocabulario específico e relacionándoos e integrándoos cos coñecementos adquiridos.
- Compoñer textos, tanto orais como escritos, que expresen de forma clara e coherente o resultado dunha reflexión, individual ou colectiva, sobre o tema filosófico que se estea tratar.
- Realizar,de forma individual ou en grupo, un traballo monográfico sobre algún tema filosófico de interese.
- Caracterizar os principais problemas filosóficos tratados nas unidades didácticas e identificar posturas filosóficas, valorándoas na súa xusta medida.
- Comentar e comparar textos referidos a un mesmo problema filosófico que proveñan de ámbitos culturais diversos, facendo relacións entre eles.

- Participar en sesións de debate sobre temas de actualidade relacionados cos principais problemas filosóficos.
- Adoptar unha actitude razoada e crítica ante as cuestións das que se ocupan as cosmovisións e a metafísica.
- Coñecer e valorar as distintas interpretacións científicas e filosóficas sobre a especificidade humana.
- Coñecer e analizar a natureza das accións humanas en tanto que libres; responsables, normativas e transformadoras.
- Recoñecer e explicar as características da vida en sociedade, da organización social e das distintas formas de goberno.
- Valorarase a asistencia a clase como mostra de interese pola materia e o traballo diario recollido no caderno do alumno.
- Valorarase tamén, a claridade de exposición, a integración da nova información co xa sabido e a corrección ortográfica.
- Realizaranse traballos sobre distintos documentais ou películas espaciados ó longo do curso.
- A cualificación trimestral obterase a partir do conxunto das diversas actividades realizadas por cada alumno/a: exames, traballos (individuais ou colectivos), mapas conceptuais, comentarios de textos, traballo diario, traballo trimestral, interese, comportamento, respecto e tolerancia demostrados polo alumno en cada avaliación. Non hai medias aritméticas senón que se terá en conta a evolución do alumnado e o traballo diario sendo imprescindible acadar un 4 en cada parte para facer nota media.
- Dado que a avaliación continua implica que o alumnado deba superar cada parte da materia pois esta será integrada e esixida na seguinte, nesta materia contemplamos a posibilidade dunha eventual recuperación de cada avaliación pois debemos ter en conta que os contidos en este nivel cambian trimestralmente con respecto ó anterior polo que introducirlos de novo en cada exame para recuperar sobrecarga excesivamente ó alumn@, así terase en conta a asimilación dos contidos en cada momento e reforzaranse aqueles aspectos nos que o alumnado presente máis dificultades combinándoo coas actividades de control para comprobar que están sendo asimilados significativamente

ÉTICA E FILOSOFIA DO DEREITO 1ºBAC

Esta materia ten como obxectivo unha explicitación consciente e crítica dos principios éticos de liberdade, igualdade e solidariedade bases imprescindibles sobre os que se asenta un estado democrático de dereito. Pois tales principios comportan o recoñecemento da *soberanía e autonomía moral do individuo* – e con el ao mesmo tempo a aceptación do pluralismo ideolóxico e cultural da nosa sociedade- remitindo, pola súa propia natureza, á idea mesma de *dignidade humana*. En coherencia con estes presupostos, a materia pretende contribuír a que o alumnado desenvolva unha conciencia crítica e, á vez, orientada á elaboración racional e autónoma de principios e normas universais de valor que propicien actitudes de respecto, tolerancia e solidariedade para unha cooperación activa e responsable na construción dun contorno social xusto.

Vemos pois, que esta disciplina ten claramente un carácter de orientación e formativo, xa que tenta contribuír á conciencia crítica do alumnado e a súa capacidade para elaborar de maneira autónoma principios e normas universais que teñan valor moral, feito básico na cada vez máis complexa sociedade actual coa convivencia e mestura de individuos de diferentes culturas e, por tanto, encontro de diferentes códigos morais que poden xerar conflitos. Achegar a coñecer outras culturas, outros códigos con outros ollos que non sexan os da indiferencia ou superioridade, é o noso pequeno e gran propósito nesta materia. Para despois, somerxernos no complexo ámbito do dereito e facer reflexión sobre o cumprimento das leis e o seu ámbito moral. Destacamos, pois, o carácter propedéutico da materia que nos ocupa, xa que os contidos propostos poden constituír unha iniciación ao estudio das CC.Xurídicas, Sociais e Humanas, así como un punto de referencia para calquera código deontolóxico profesional.

En anos anteriores alumn@s deste Centro e da asignatura que tratamos gañaron en dúas ocasións o Premio Sánchez Orriols de Pensamento, Ensaio e Comunicación cos seus traballos etnográficos o que mostra o seu interese pola asignatura, e o noso por continuar nesa liña e poder aportarlles os recursos que de feito merecen.

Exposto isto, pasamos a expoñer os contidos conceptuais na disciplina de Ética e Filosofía do Dereito.

Obxectivos:

Cabe citar como obxectivos específicos para a disciplina "ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO" (a partires dos explicitados no DCB) os que se sinalan moi sinteticamente a continuación:

- Análise, construción e interpretación de informacións diversas sobre os diferentes aspectos das conductas e códigos morais, así como a súa teorización ética, coa incorporación dun vocabulario específico á súa expresión persoal.
- Comprensión das raíces da estrutura moral do ser humano e a xénese histórico cultural dos códigos morais, analizando criticamente as súas formas de lexitimación e de reprodución.
- Explicitación consciente e crítica dos principios éticos da liberdade, igualdade e solidariedade sobre os que se asenta a convivencia dentro dun estado democrático de Dereito.
- Transcender reflexivamente a educación socializadora en valores, actitudes e normas, presente dun xeito transversal en tódalas materias do curriculum.
- Apertura dunha vía para o alumno unha vez creada a necesidade dunha certa relativización dos propios códigos morais, que conduza a principios éticos racionais e autónomos universalizables, máis alá dunha moral puramente heterónoma.
- Desenvolvemento crítico de formas de racionalidade dialóxica, así como empatía e tolerancia, para unha cooperación activa e responsable na construción dun entorno social xusto.

- Apertura do alumnado a novas formas de sensibilidade moral que apuntan a posibles ampliacións e desenvolvementos das actuais Declaracións de Dereitos Humanos.
- Desenvolver e potenciar todo tipo de actitudes que sexan favorables á profundización e a extensión da democracia.

Contidos Conceptuais:

Unidade Introductoria: Noción e obxecto da ética e filosofía do dereito.

U.D.1ª. Da natureza á convención.

- Instinto, liberdade e sociabilidade.
- Cultura, valores e normas morais.
- Proceso de socialización humano.
- Os códigos morais e a reflexión ética.

U.D.2ª. Relativismo e moralidade.

- Relatividade dos valores e as normas morais.
- Funcionalidade dos códigos morais e as distintas formas de lexitimación dos mesmos.
- Problema do etnocentrismo.

U.D.3ª. A racionalidade moral

- Moral, ética e ciencia.
- Dimensión teórica e dimensión práctica da razón.
- As sociedades científico-tecnolóxicas e o imperio da racionalidade instrumental.
- A primacía da razón práctica e o ideal da emancipación humana.

U.D.4ª. Da Heteronomía á autonomía moral.

- Xénese e desenvolvemento da conciencia moral.
- Estadios do desenvolvemento moral.
- Evolución do razoamento ético: Universalismo e formalismo.

U.D.5ª. Racionalidade ética e intersubxectividade.

- Os límites da razón
- Do formalismo ao procedimentalismo.
- O diálogo argumentativo como procedemento moral e condicións ideais regulativas do mesmo.

U.D.6ª. O ben como felicidade.

- Os diferentes sentidos da felicidade e diversas teorías éticas sobre a mesma.
- Éticas materiais.

- problema da compatibilización entre felicidade individual, benestar colectivo e xustiza.

U.D.7ª. O ben ético como deber.

- Problema da universalización da éticas materiais e a alternativa do universalismo formalista.
- Do formalismo de Kant. O procedimentalismo das éticas discursivas.
- A compatibilización entre intereses lexítimos e racionalidade moral.

U.D.8ª. Ética e dereito.

- Noción de dereito.
- Lexitimacións históricas do dereito.
- Positivismo xurídico versus naturalismo.
- Dereito e xustiza.
- Validez xurídica e lexitimidade ética.

U.D.9ª. Dereito e democracia.

- Estado democrático e os seus fundamentos éticos.
- A democracia como ideal moral.
- Diferentes posicionamentos teóricos da democracia.
- Maiorías e minorías das democracias.

U. D. 10ª. Dereito e desobediencia.

- Programa da obrigatoriedade ética das leis nas sociedades democráticas e nas sociedades non democráticas.
- Ideal da xustiza e a desobediencia civil ó dereito.
- A obxección de conciencia.

U. D.11ª. Os dereitos humanos.

- Do estado democrático de dereito á internacionalización dos dereitos humanos.
- Xénese e evolución histórica da noción de dereitos humanos e fundamentos teóricos dos mesmos.
- A declaración universal dos dereitos humanos

Materiais:

Traballaremos co libro de texto para esta materia da editorial Xerais, como xa vimos facendo dende hai anos. Asemade a profesora pode ampliar este material con fotocopias de textos ou de artigos de prensa, ou calquera outro material que considere necesario. Traballarase asimesmo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos e tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca.

Secuenciación:

Non é necesario insistir na dificultade de facer unha secuenciación en calquera caso, pero máis aínda no caso que nos ocupa debido ás particularidades que conflúen nesta disciplina e que xa referimos antes.

Sen embargo, a título orientativo consideramos unha distribución coma a seguinte:

1ª avaliación: unidades 1,2 e 3

2ª avaliación: unidades 4, 5, 6 e 7

3ª avaliación: unidades 8,9,10 e 11.

Contidos Procedimentais:

Para expoñer os contidos procedimentais da disciplina de Ética e Filosofía do Dereito, non podemos obviar a súa estreita relación coa disciplina de Filosofía, tamén de 1º de B.A.C. Compre, sen embargo insistir en que no caso da disciplina que nos ocupa, optativa de B.A.C, aínda existe unha prioridade totalmente práctica aínda que sen perder de vista a interacción entre esta e a teoría que orienta o noso traballo para dotalo de sentido.

Xa que apostamos en todo momento por un método activo teremos que achegarnos o máis posible á problemática real do alumno para transmitirle a necesidade da súa participación se queremos acadar os nosos obxectivos.

Dentro desta reflexión, tódalas actividades que contribúan de calquera xeito a acadar os obxectivos propostos son aceptables e válidos. Presentamos unha lista coas máis importantes:

- Lectura, análise e comentario de textos relacionados cos contidos conceptuais presentados con anterioridade.
- Distinción entre conductas morais autónomas e conductas morais heterónomas, sempre a partir de casos tomados da práctica.
- Utilización autónoma de materiais precisos para recadar datos relacionados cos temas que se tratan nas diferentes unidades.
- Lectura, análise crítica e realización de actividades sobre algunha obra que teña relación co temario a impartir.
- Lectura comprensiva da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, análise e identificación dos principios éticos que a fundamentan.
- Participación en debates previamente propostos, co fin de practicar a discusión crítica e o diálogo argumentativo.
- Diferenciación clara dos comportamentos antidemocráticos dos casos concretos de desobediencia civil lexítima nas sociedades democráticas.
- Traballo de investigación sobre algún dos temas básicos que compoñen as unidades
- Análise e identificación de conflitos de valores tomados do entorno social máis achegado ao alumnado.
- Visionado de películas e documentais que sirvan como introducción ós temas básicos que se tratan e posteriormente facer unhas actividades sobre os mesmos.
- Tentar elaborar unha alternativa ás distintas situacións de inxustiza social que imperan no mundo de hoxe.

- Distinción clara, a partir da análise de exemplos concretos, entre a validez xurídica dunha lei e a lexitimación ética da mesma.
- Realización dun traballo, individual ou en grupo, no que se reflicta a situación actual dos Dereitos Humanos.

Contidos Actitudinais:

Como contidos actitudinais e sempre en consonancia co exposto anteriormente, sinalaremos os seguintes.

- Desenvolvemento da capacidade crítica como única forma válida de enfrontarse ós dogmatismos, ás posicións falsamente morais ou á imposición dun código moral determinado.
- Madurez e profundización do nivel da reflexión ética como forma crítica de comprensión e praxe dos códigos morais.
- Valoración da tolerancia, o respecto, o diálogo e a democracia como formas de comprensión da diversidade de credos e códigos, así como para solucionar as diferencias entre persoas e grupos.
- Fomentar o respecto á conciencia individual como instancia última da decisión moral.
- Comprensión e valoración da desobediencia civil lexítima como expresión do sentido crítico que contribúe a unha sociedade máis xusta.
- Fomentar o espírito de cooperación, a solidariedade e a responsabilidade morais na vida cotiá para orientarse a unha moral social de tendencias universalistas.
- Asumir a necesidade de xustificar racionalmente a propia forma de vida, os valores que se manteñen en xeral, calquera tipo de posicionamento persoal.
- Sensibilización crítica ante calquera tipo de discriminación social e individual con miras ó seu rexeitamento.
- Valoración da liberdade como condición necesaria para a autonomía moral do individuo.
- Valoración da actitude da empatía.
- Valoración das diferentes teorías éticas elaboradas ó longo da historia en canto contribucións para orientar de forma racional e crítica a conducta moral dos humanos.
- Actitude e talante democráticos.
- Valoración do Estado Democrático de Dereito.
- Sensibilidade ante a inxustiza e COMPROMISO fronte a ela.

Mínimos

-Definición e diferenciación de conceptos: ética, moral, dereito, fª do dereito

-Diferencia entre o “natural” e o “convencional”: a cultura. Proceso de socialización. Códigos morais e reflexión ética.

-Relatividade, funcionalidade e lexitimación dos códigos morais. O etnocentrismo

- Moral, ética e ciencia. O papel da ética nas sociedades científico – tecnolóxicas: “*o que pode ser e o deber ser*”
- Xénese e desenvolvemento da conciencia moral
- Os límites da razón
- Clasificación e caracterización das diversas éticas: sobre a felicidade, materiais, formais.
- Lexitimacións históricas do dereito. Dereito e xustiza.
- Os fundamentos éticos do estado democrático.
- A obrigatoriedade ética das leis nas sociedades democráticas e nas non democráticas.
- A obxección de conciencia
- Xénese e evolución histórica da noción dos Dereitos Humanos e fundamentos teóricos dos mesmos.

Criterios de Avaliación:

Nesta disciplina optativa de 1º de B.A.C. valoraran se especificamente os seguintes aspectos:

- Adquisición de conceptos básicos da ética.
- Capacidade para o razoamento e a argumentación ética.
- O dominio da análise crítica de feitos e situacións.
- O grao de coherencia das perspectivas de enfoque dos problemas morais.
- As actitudes positivas cara o traballo.
- Capacidade para analizar problemáticas morais en xeral.
- A participación activa en debates, charlas, etc. En xeral en todas as actividades que se realicen ao longo do curso.
- Valorarase a asistencia a clase como mostra de interese pola materia, ó igual que o traballo diario
- Valorarase así mesmo, a corrección ortográfica como a corrección na expresión das ideas.

Avaliarase de xeito continuado a actitude do alumno nas distintas horas de clase da materia, o caderno de traballo onde figuran comentarios de texto, reflexións individuais sobre cada tema explicado e solución de exercicios propostos pola profesora. Realizaranse probas da materia impartida en cada avaliación (poden consistir nunha reflexión o comentario de texto, nunha composición dun texto sobre un tema específico da materia impartida, nunha reflexión sobre unha serie concreta de conceptos), traballos individuais ou en grupo que se sumará as demais notas que teña a profesora dese trimestre, sendo a nota media de todas elas a nota correspondente de cada avaliación. Si algún alumno desvinculase desta maneira de traballar nese momento a súa avaliación consistirá nun exame teórico único no que se lle preguntará a materia impartida durante todo o trimestre pero sen material teórico diante. Haberá posteriormente unha recuperación por cada avaliación impartida. *É preciso superar todas e cada unha das avaliacións para acadar a superación do curso.*

Asimesmo, haberá unha proba final de recuperación en Xuño e un exame extraordinario en Setembro para os alumnos que non aproben a

disciplina no curso ordinario, na que se esixirán os contidos conceptuais mínimos, permitindo un maior grao de xeralidade para superar o curso. Non obstante, en todo momento primará manter a orientación dos criterios de avaliación expostos anteriormente. As devanditas probas escritas serán elaboradas polo seminario de filosofía do instituto Santiago Basanta Silva, tendo en conta a lexislación vixente.

CULTURA RELIXIOSA 1º de BAC

Dado que neste curso os alumn@s xa deberían ter unha serie de coñecementos básicos sobre o feito relixioso, o seu significado como feito social e antropoloxicamente relevante, así como da súa evolución diacrónica, se considera especialmente importante que profundicen nos aspectos filosóficos do mesmo, servindo así como complemento as outras disciplinas e contidos deste nivel. O crecente número de alumn@s neste curso fai que se responda as súas expectativas cunha metodoloxía que manteña e incremente o seu interese. Como noutros cursos o cine será unha estratexia a ter en conta para transmitir estes coñecementos. Fichas técnicas e de traballo acompañarán cada película co intento de profundizar, filosoficamente, nos temas e contidos propios da asignatura.

Facer constar que ademais este será o derradeiro curso no que se oferta esta materia dentro do primeiro nivel do bacharelato xa que no vindeiro curso entra en vigor a nova lei educativa, a LOE, na que se establece como materias a impartir no ámbito das ensinanzas relixiosas: a Relixión, a Hª e cultura das relixións, a Atención educativa, tendo que escoller o alumnado entre una delas.

Contidos conceptuais:

Aspectos específicos e unidade do relixioso:

- A morte
- A fe
- O símbolo - A dor
- O numinoso
- A experiencia relixiosa - O inefable
- O silencio - A saúde -O amor

A diversidade do relixioso

- Animismo
- Chamanismo
- Politeísmo
- Hinduísmo
- Confucianismo
- Taoísmo

- Xudaísmo
- Cristianismo
- Islam

A relixión e o pensamento occidental:

- Razón e fe
- Teísmo e panteísmo
- Deísmo e fideísmo
- Agnosticismo e fideísmo
- Relixión e revolución
- A morte de Deus (Nietzsche e filosofías da sospeita)
- Relixión e sociedade
- Relixión e inconsciente
- Relixión e arquetipo
- Relixión e motivación

Relixión e actualidade

- Problemas o redor do dereito á vida:
 - ❖ pena de morte
 - ❖ eutanasia
 - ❖ concepción, aborto
- Consumismo - Igrexa e Estado
- A crise relixiosa
- A crise ética
- O Popular
- As sectas
- Dogmatismo: integrismos e fanatismo

Contidos procedimentais

En relación coas consideracións didácticas e metodolóxicas indicadas anteriormente, a orientación básica será acadar unha asimilación activa a partir dos preconceptos iniciais dos propios alumn@s en cada tema. Adaptaranse desta forma tanto actividades sobre textos, exercicios, explicacións, documentais, actividades de diálogo e debate preparados a eses coñecementos que aporten inicialmente. Tentarase, así mesmo, que contidos que son cercanos aos das materias de filosofía e filosofía do dereito sexan tratados coordinadamente e en coherencia con aqueles.

Materiais

Na medida en que sexa posible, recorrerase a materiais, especialmente cinéfilos, que podan ter relación directa coas súas vidas e intereses, así como co seu entorno, tentando que tomen conciencia do rico patrimonio natural e cultural, antropolóxico e artístico que posúen para que podan valoralo e protexelo. Tamén poderase traballar con fotocopias impartidas polo profesorado con respecto o tema a impartir nese momento e con fichas de actividades sobre as mesmas. Traballarase asimesmo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos. Tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca.

Contidos actitudinais

- Desenvolver en relación co tratamento dos contidos conceptuais actitudes que fagan conscientes os seus valores máis profundos para poder revisalos á luz da razón e os dereitos de todos os seres humanos.
- Posibilitar unha maior flexibilidade a través da reflexión sobre os propios posicionamentos que favoreza o diálogo con visións alternativas e /ou diverxentes posibilitando o enriquecemento mutuo.
- Coñecer distintas formas de outorgar sentido á existencia humana e as manifestacións creativas que pode adoptar, como fonte da que nutrirse para crecer nosoutros interiormente.
- Actitudes de valoración das creacións humanas constructivas para o diálogo e unha verdadeira convivencia respectuosa e democrática. Revisión de actitudes excluíntes, ou discriminativas pola razón de raza, sexo, procedencia, valores económicos ou factores de calquera outra índole contra ás que no fondo loita todo verdadeiro saber humano incluído o das grandes relixións.
- Xerar, en contacto coas grandes cosmovisións relixiosas, actitudes de pensamento autónomo fronte a todo dogmatismo favorecido pola heteronomía.

Secuenciación

Trataranse cada trimestre un dos tres primeiros bloques de contidos. Paralelamente, dada a súa vinculación cos temas anteriores, o derradeiro bloque de contidos se fará explícito o longo do curso no momento en que ditos temas de actualidade aparezan en relación ás outros de tipo teórico ou máis explicitamente metafísicos

Mínimos

- Identificar os trazos específicos do feito relixioso
- Recoñecemento da diversidade do relixioso
- Diferentes posturas ante a relixión: agnosticismo, fideísmo, deísmo, fide da sospeita

-Problemas ante os que se atopa a relixión na nosa sociedade actual: pena de morte, eutanasia, consumismo, integristas e fanatismos, relacións Igrexa- Estado, as sectas.

Avaliación

A avaliación realizarase tendo en conta todas as actividades, exercicios, participación, traballos de investigación sobre diferentes temas e probas escritas de carácter reflexivo polo que poderán contar con distintos documentos para a súa realización, xa que se pretende fomentar a súa autonomía e madurez crítica. No caso de que algún alumno/a deixe de ter dita actitude participativa e positiva se lle fará un exame teórico para recuperar esa parte dos contidos. Terase en conta a evolución positiva ao longo do curso para a nota final. *É preciso superar todas e cada unha das avaliacións para acadar a superación do curso.*

HISTORIA DA FILOSOFÍA DE 2º de BAC

Tendo en conta o establecido no Decreto 230/2002 de 4 de xullo en canto ás orientacións para Filosofía I e Filosofía II , así como os criterios de anos anteriores aportados pola Coordinación da asignatura de 2º de BAC para Selectivo o curso programárase seguindo ditas normativas. Na base do mesmo a teoría constructivista de aprendizaxe significativa que preside toda a Programación do Departamento dende hai anos.

Para poder entender mellor o mundo onde nos tocou vivir non soamente hai que ter en conta os datos inmediatos que este nos ofrece, senón que é moi importante ter en conta o acontecido no pasado. E os mozos teñen que irse acostumando a introducir esa dimensión histórica no seu análise do mundo que lles rodea.

Os alumno/as están acostumados ao carácter histórico dos elementos económicos, sociais e políticos, pero non o están tanto na análise e na discusión das ideas referidas a cuestións de tipo teórico ou a cuestións derivadas da práctica individual ou social, que se formulan no seu entorno máis inmediato. A Historia da Filosofía, cos seus contidos, preséntase como unha das materias que axuda ao desenvolvemento destas capacidades, que son obxectivos formativos básicos do Bacharelato.

Nas obras e textos dos filósofos, núcleos fundamentais da Hª Fª, aparecen rexistrados os problemas, as ideas e os sistemas conceptuais que se foron dando ao longo do tempo. Por iso, cando nos somerxemos no complexo mundo da Hª da Fª estémonos a somerxer nos problemas fundamentais que se formula o home sobre si mesmo e sobre o que lle rodea. Estes problemas e as súas respostas vense vinculadas e condicionadas polo momento histórico e cultural no que se desenvolve a vida e a obra dos diferentes filósofos. Pero a Hª da Fª non é un sen sentido, non é unha cousa de tolos, senón que hai unha ligazón interna, os diferentes sistemas conceptuais que os filósofos foron elaborando como resposta a eses problemas básicos enlazan uns cos outros intentando progresar racionalmente na comprensión da realidade como na orientación práctica da vida individual ou colectiva.

E esta dobre dimensión histórica, xunto coa contribución á comprensión do presente, a que caracteriza o estudo da Historia da Filosofía.

A lectura de textos do pasado permítelles os alumnos/as reconstruír os problemas filosóficos do pasado e seguir as liñas internas do seu desenvolvemento histórico. As ideas non se acaban en si mesmas, son susceptibles de novos enfoques dependendo do ámbito histórico onde nos movamos, e tamén das súas relacións con outros ámbitos culturais.

Tendo en conta o dito anteriormente é comprensible que o punto de partida dentro da **metodoloxía** desta materia sexan os textos filosóficos, o diálogo con eles por parte dos alumnos, é dicir, que estes se enfronten cos textos dende unha postura reflexiva para interpretar as respostas de cada autor, pero tamén tendo en conta o contexto socio-cultural no que se formulan. Polo tanto, **o comentario de texto** convértese no instrumento clave de comprensión da materia, convértese nun contido procedimental básico. O anteriormente dito, completárase con sínteses conceptuais, estudos dos ámbitos histórico e cultural e a busca de ampliación de información en obras de consulta. Por outra banda, o exercicio da composición de textos fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a problemas tradicionais e a capacidade de relacionar e de argumentar, capacidades todas elas claves para a comprensión da materia a tratar e para acadar a madurez intelectual.

Por outra parte o carácter de curso final de ciclo e tamén propedéutica para unha proba selectiva de entrada na Universidade senta uns obxectivos a ter en conta cunha práctica asociada que esixe tempo pois non están especialmente afeitos a realizar reflexións libres e comentarios. Precisan exercitar a dinámica de comentario de textos filosóficos xa que é a base da propia actividade filosófica pero tamén do exame que deberán facer para entrar nos seguintes estudos. A tal práctica dedicarase gran parte do tempo dispoñible para exercicios, que no comezo de curso ralentizará á marcha do mesmo. Destacar tamén aquí, que estaremos pendentes as indicacións que para realizar a proba de acceso á universidade envíe o grupo de traballo de filosofía, e que pode modificar en certa medida a nosa maneira de traballar, precisamente para preparar aos alumnos/as para dita proba. Polo de agora teremos en conta as indicacións dadas no curso anterior ata novo aviso.

Obxectivos: (seguindo o D.C.B. da materia)

- Coñecer e comprende-los diferentes aspectos (temas, autores, escolas) que integran os períodos nos que se divide a Historia da Filosofía.
- Comprender os problemas filosóficos fundamentais que ocuparon os filósofos ó longo da historia e recoñecer a súa transcendencia para a comprensión do mundo actual
- Comprender a Historia da Filosofía como un avance en espiral. Onde os problemas son retomados cun crecente nivel de radicalidade metodolóxica.
- Recoñecer e situar os problemas filosóficos analizados no curso anterior como cuestións xurdidas ó longo da historia.
- Situar as distintas formas culturais e ideolóxicas do presente no marco da Historia das Ideas, e recoñecer o valor da comprensión do outro (texto ou interlocutor) para o desenvolvemento do propio punto de vista.
- Descubrir as conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que, de forma explícita ou implícita, forman parte do discurso filosófico

- Aprender a ler e comentar textos filosóficos establecendo entre eles un diálogo crítico que leve á súa interpretación, á súa comparación e a súa localización.
- Asimilar comprensivamente os conceptos filosóficos máis importantes e utilízalos como ferramentas intelectuais que permitan formular e explicar adecuadamente cuestións humanísticas como científicas.
- Aprender e analizar e expoñer adecuadamente, de modo oral e escrito, os problemas e teorías filosóficas estudadas prestando especial interese ó rigor conceptual e tónico.
- Planificar e realizar pequenas investigacións sobre temas monográficos
- Desenvolver e consolidar a actitude crítica ante opinións contrapostas, someténdolas a unha reflexión racional, e analizar os conceptos previos, prexuízos e posicións ideolóxicas que poidan existir como condicionantes.
- Comprender que o diálogo racional é a forma máis adecuada para a libre expresión e comparación das ideas, e que a razón é unha capacidade privilexiada para regular a acción humana individual e colectiva.

Contidos:

Esta materia de Filosofía II representa a continuación e profundización da Filosofía I estudada no curso anterior, xa que se trata de comprender os problemas e as teorías filosóficas tanto no seu contexto histórico como no seu decurso temporal.

O D.C.B estrutura a materia en catro grandes bloques, que corresponden cos catro grandes períodos nos que se divide a Historia da Filosofía, sinalando en cada un deles, os autores máis representativos e importantes, constituíndo cada un destes autores unha unidade didáctica. Como se trata dun currículo aberto e básico só ven establecido o número de unidades didácticas a desenvolver en cada período, deixando ao criterio do profesor a elección das unidades concretas, agás no caso da filosofía grega onde si veñen especificados os autores a tratar. Nesta programación xa quedan marcados os autores a desenvolver nos diferentes períodos históricos, seguindo as indicacións que para o mesmo veñen no D.C.B.:

I. Filosofía Grega:

As principais cuestións que se deben desenvolver neste período son: o paso do mito ó logos nos filósofos presocráticos; os primeiros intentos metafísicos de Parménides e Heráclito; a significación dos filósofos pluralistas; Sócrates e os Sofistas; o nacemento da polis e da democracia en Atenas; e os proxectos éticos do epicureísmo e do estoicismo.

Unidade Introductoria: O Paso do mito ó logos

- Mito fronte Logos: Os filósofos presocráticos.
- Sócrates e os Sofistas.

Unidade 1: Platón

- A teoría da Ideas como síntese da tradición filosófica grega.
- Realidade e coñecemento desde a Teoría das Ideas.
- Home e sociedade desde a Teoría da Ideas.

Unidade 2: Aristóteles

- Un novo enfoque filosófico fronte ó platonismo.
- Teoría hilemórfica, potencia-acto, causalidade e teleoloxía na explicación da realidade.
- A ética e a análise das formas de goberno.

II.Filosofía Medieval e Renacentista

A filosofía medieval ten como tema principal de discusión a necesidade de harmonizar a fe, representada polas relixións monoteístas, e a razón, representada polas filosofías de Platón e Aristóteles. Agustín de Hipona será o expoñente máximo do platonismo cristián mentres que Tomás de Aquino o será da síntese entre aristotelismo e cristianismo. A partir do século XIV dáse a crise da escolástica como consecuencia da filosofía de Guillerme de Ockham e dos desenvolvementos científicos do século XIV. Entre os tres posibles autores a explicar nós optamos por Tomé de Aquino.

O pensamento renacentista trae consigo a introducción de novos temas de reflexión filosófica entre os que se destacan: a matematización da natureza, un novo concepto de home, as posibilidades técnicas do saber ou a fundamentación moderna da política. Destacan neste sentido as figuras de N.Maquiavelo e de F.Bacon. Entre estes dous autores nós explicaremos a F.Bacon.

Tendo en conta o anteriormente dito este bloque temático queda como segue:

Unidade 3: Tomé de Aquino

- Aristotelismo e a escolástica.
- A existencia de Deus e o problema de razón e fe.
- Lei eterna, lei natural e lei positiva.

Unidade 4: F.Bacon

- A teoría dos ídolos.
- Ciencia e utopía social.

III.Filosofía Moderna:

O tema central deste período é o novo concepto de *racionalidade* que xorde nos séculos XVI e XVII e que se caracteriza polos seguintes trazos: a secularización do *pensamento*, o nacemento da ciencia moderna, a procura dunha antropoloxía baseada no suxeito consciente e unha nova forma de *fundamentar* a orixe da sociedade e do goberno, tendo como horizonte a democracia.

Neste contexto débense considerar as grandes correntes constituídas polo Racionalismo e o Empirismo, que teñen como máximos representantes a Descartes, Spinoza, Locke e Hume. No século XVIII xorden diferentes modos de interpretar a Ilustración. Rousseau destaca no campo da filosofía política mentres que o pensamento de Kant aparece como unha síntese superadora do racionalismo e do empirismo no campo gnoseolóxico e como unha nova forma de entender a ética.

Entre todos os autores posibles para explicar neste período nós escollemos a *Descartes* e a *Kant*, quedando este bloque como segue:

Unidade 5: R.Descartes

- O problema do método e o proxecto cartesiano.
- Razón e realidade.
- O dualismo antropolóxico e as súas consecuencias.

Unidade 6: I. Kant

- Kant e a Ilustración
- O criticismo kantiano como síntese superadora do racionalismo e do Empirismo.
- O formalismo moral.

IV. A Filosofía Contemporánea:

Entre as diferentes correntes do século XIX podemos destacar o liberalismo utilitarista de J. S. Mill, o materialismo histórico-dialéctico de Marx e o vitalismo de *Nietzsche*, posto que supoñen unha profunda reflexión dos problemas da súa época e teñen tamén transcendencia no pensamento actual. De entre eles nó eliximos para desenvolver máis profundamente a Marx. Respecto do século XX as diferentes correntes filosóficas que se desenvolven a través do mesmo articúlanse arredor da reflexión dos seguintes temas: a preocupación pola *fundamentación* e os fins do coñecemento científico, a análise da linguaxe tanto nas súas formas naturais como artificiais: a busca dunha nova racionalidade ética, a análise da existencia e da esencia do *ser humano*, tanto en termos ontolóxicos como axiolóxicos. Destacamos así a figuras como L. *Wittgenstein*, M. Heidegger e J. Habermas.

Neste período nós traballaremos con maior profundidade a figura de J.Ortega e Gasset, polas razóns subliñadas no D.C.B., é dicir, pola súa

vinculación coas diferentes correntes filosóficas europeas e polo seu significado dentro do pensamento filosófico español; quedando este bloque temático como segue:

Unidade 7: Marx

- O materialismo histórico
- A alienación humana

Unidade 8: J. Ortega e Gasset

- A vida como realidade radical.
- Perspectivismo.

Secuenciación:

Antes de expoñer a devandita secuenciación, é necesario ter presente a dificultade que esta comporta nesta materia debido ao extenso programa que temos que explicar, tendo para elo soamente tres horas lectivas semanais. Aínda sendo soamente oito unidades didácticas as que temos que explicar, temos tamén que dar información sobre outras correntes ou filósofos que teñan unha profunda relación co tema a explicar, aínda que esta información sexa dada de maneira sintética, ocupa un determinado tempo que se nos fai inmensamente pequeno ao longo de todo o curso. Tamén temos que ter en conta que unha das pezas claves nesta materia é a lectura comprensiva de textos filosóficos, para despois poder traballar con eles ao nivel que require a proba de selectividade. Este feito tamén nos ocupará un certo tempo, sobre todo ó inicio de curso, xa que aínda os alumnos/as non teñen a dinámica para facelos por eles mesmos. Tendo en conta todo anteriormente dito presentamos a seguinte secuenciación, que pode verse alterada polos motivos citados con anterioridade:

1ª Avaliación: unidades 1, 2 e 3

2ª Avaliación: unidades 4, 5 e 6

3ª Avaliación: unidades 7 e 8.

Actitudes, valores e normas:

- Interese pola perspectiva histórica como forma de acercamento ó coñecemento do mundo actual.
- Interese e curiosidade pola lectura de obras e textos filosóficos.
- Interese pola precisión lóxica e conceptual á hora de expresar as propias ideas.
- Interese polos diferentes formas de creación intelectual, tendo en conta as súas posibles interaccións, e valoración das mesmas como posibilidades explicativas dos diversos ámbitos da actividade humana.
- Curiosidade e interese pola comprensión transversal das diferentes manifestacións culturais de cada época.

Procedementos

- Interpretación dos contidos dos textos seleccionados, relacionándoos co seu contexto teórico e social.
- Realización de cadros comparativos das distintas posturas dos autores estudados referidas a un mesmo problema filosófico.
- Realización de mapas conceptuais do pensamento de cada autor, para unha maior comprensión dos mesmos.
- Lectura dunha obra filosófica dun autor a estudar que sexa sinxela e breve.
- Cadros comparativos entre as diferentes correntes filosóficas.
- Elaboración de traballos de carácter individual ou en grupo sobre unha cuestión concreta do temario a impartir.
- Visionado dalgunha película ou documental, si a marcha do curso nolo permite, sobre algún aspecto do curriculum a impartir.

Materiais:

O material co que traballaremos este curso son os apuntes fotocopiados, que a profesora facilitará aos alumno/as, correspondentes a cada unidade didáctica a impartir do temario. A parte do material fotocopiado anterior a profesora pode ampliar dito material con outro que considere de interese didáctico, como todos aqueles artigos que aparezan nos medios de comunicación e que teñan relación co curriculum a impartir. Utilizaremos tamén material de consulta e material de ampliación como monografías, servíndonos para iso da dotación da nosa biblioteca. Engadiremos, na medida que nos sexa posible, a utilización da aula de informática para achegarnos ás páxinas web de didáctica da filosofía ou daqueles enlaces que nos permitan ampliar o noso coñecemento.

Mínimos

Bloque I. Filosofía Grega

-Saber localizar no tempo e no espacio o nacemento da filosofía e a súa relación co mito

-A importancia da pregunta cosmolóxica feita polos filósofos presocráticos xunto coas respostas dadas á mesma para o decurso posterior da filosofía

-Caracterización do xiro antropolóxico dado na reflexión filosófica por parte dos Sofistas e de Sócrates.

-Platón: Tª das Ideas. Realidade e Coñecemento desde a Tª das Ideas. Home e Sociedade desde a Tª das Ideas.

-Aristóteles: Novo enfoque fronte ao platonismo. Tª hilemórfica. Potencia, acto, causalidade e teleoloxía na explicación da realidade. A ética e a análise das formas de goberno.

Bloque II. Filosofía Medieval e Renacentista.

-Tomé de Aquino: Aristotelismo e a escolástica. A existencia de Deus e o problema de razón e fe. A lei eterna, lei natural e lei positiva.

-Francis Bacon: A Tª dos Ídolos. Ciencia e utopía social.

Bloque III. Filosofía Moderna

-René Descartes: O problema do método e o proxecto cartesiano. Razón e realidade. O dualismo antropolóxico e as súas consecuencias.

-Inmanuel Kant: Kant e a Ilustración. O criticismo kantiano como síntese superadora do Racionalismo e do Empirismo. O formalismo moral.

Bloque IV. Filosofía Contemporánea.

-Marx: Materialismo Histórico. A alienación humana.

-Xosé Ortega e Gasset: A vida como realidade radical. Perspectivismo.

Criterios de Avaliación:

- Analizar o contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións).
- Situar e contextualizar adecuadamente aos principais filósofos estudados no seu marco histórico e filosófico.
- Relacionar os problemas filosóficos coas principais condicións socioculturais nas que aparecen e ás que pretenderon dar resposta.
- Confección de cronoloxías e de esquemas conceptuais que permitan localizar tanto autores como sistemas filosóficos.
- Mostrar e recoñecer a implicación dos sistemas filosóficos no desenvolvemento histórico das ideas e dos cambios sociais.
- Coñecer e manexar adecuadamente o vocabulario filosófico básico adquirido nos dous cursos de filosofía do bacharelato.
- Comparar e relacionar textos filosóficos de distintos autores, co fin de establecer entre eles semellanzas e diferencias de formulación e de explicación.
- Expoñer, de modo claro e ordenado, as liñas fundamentais dos problemas e sistemas dos filósofos que se estudaron de modo analítico.
- Elaborar e expoñer, oralmente ou por escrito, algún aspecto do pensamento dun autor ou contido dunha das obras analizadas.
- Participar en debates e sesións de discusión sobre problemas filosóficos actuais relacionando a súa reflexión coas feitas en épocas pasadas.
- Valorarase a asistencia a clase e o traballo na mesma como mostra de interese pola materia. Así mesmo, terase en conta a tolerancia e o respecto mostrado polo/a alumno/a ante as diferentes opinións vertidas na aula.
- Valorarase a corrección ortográfica; a claridade, coherencia e rigor lóxico na exposición das ideas así como a súa presentación, podendo restar puntos na nota final.
- Realizaranse exames dos autores dados, tomando como modelo as probas de acceso a Universidade, e nos que tamén se terá en conta a corrección establecida polo grupo de traballo L.O.X.S.E. de Filosofía.

A nota de avaliación será o resultado de sumar todas as notas recollidas pola profesora durante ese trimestre (traballos monográficos, comentarios de textos, composición de textos, exercicios, esquemas, exames, interese, etc.) e facer a nota media a partir dun 4 na nota do exame. Despois de cada avaliación haberá a correspondente recuperación para aqueles alumnos/as que non a superaran. Ao final de curso daráselles a oportunidade de ir a un exame final de recuperación, ao que irán aqueles alumnos/as coas diferentes partes da materia que non chegaran a superar no transcurso do curso. *É preciso superar todas e cada unha das avaliacións para acadar a superación do curso.* Chegados a este punto, quen non lograra superar a materia terá a posibilidade de facelo no correspondente exame extraordinario de Setembro.

INTRODUCCIÓN ÁS CC. POLITICAS E SOCIAIS DE 2º B.A.C:

O mundo actual configúrase social e politicamente dun modo complexo esixindo a cada individuo un esforzo de comprensión e de interpretación e así poder adoptar decisións persoais, libres e responsables.

Tendo en conta isto, a selección de contidos desta materia pretende unha explicitación reflexiva e crítica dos diferentes procesos de interacción, tanto grupais como intergrupais, e das diversas estruturas de poder que configuran a vida social e política da sociedade actual. Esta selección ten como fío conductor o concepto de poder, como realidade que se atopa sempre presente na vida social e que se configura politicamente nas diferentes formas de Estado. Este fío conductor, permite non só a estruturación da materia senón que ademais permite establecer relacións con outras disciplinas, xa dadas con anterioridade, como é o caso de Filosofía de 1º ou Ética e Filosofía do Dereito tamén de 1º, ou con outras doutros seminarios, por exemplo o de Historia. Por último, a inclusión desta materia como optativa do último curso do Bacharelato responde a unha finalidade propedéutica e de iniciación de estudo das CC. Políticas e Socioloxía e tamén das CC. Económicas, Xurídicas e Humanas en xeral.

Obxectivos Xerais:

Asumimos os establecidos polo D.C.B. da materia:

- Analizar, contrastar e interpretar información diversas sobre interaccións sociais, estruturas e organización política do poder en diferentes contextos, incorporando á propia expresión, tanto oral como escrita, o correspondente vocabulario específico.
- Coñecer e valorar criticamente as engrenaxes básicas de interacción sobre as que se asenta a orde social: grupos sociais e axencias e procesos de socialización.
- Analizar e coñecer as diferentes estruturas de poder, tanto no plano intra como intergrupar e os diversos mecanismos de exercicio e de manifestación do mesmo.

- Coñecer e analizar as características fundamentais da organización política do poder e a súa relación con factores económicos e territoriais.
- Comprender o carácter específico do estado Moderno e analizar a súa xénese, evolución e configuracións, así como as diferentes teorizacións contractual estas do mesmo e presupostos filosóficos en que se fundamenta.
- Comprender e valorar o concepto moderno de constitución e analizar a súa xénese e tipoloxías máis importantes.
- Analizar e coñecer os mecanismos fundamentais do comportamento político democrático: formas de participación, sistemas electorais e de representación, sistemas de partidos, formación da opinión pública e función política da mesma.
- Comprender o concepto de estado social de benestar e analizar a súa xénese, logros, limitacións e perspectivas de futuro.
- Coñecer e valorar o propio sistema político español e as súas posibilidades e carencias.

Contidos

Os contidos preséntase estruturados en cinco bloques temáticos. Os catro primeiros teñen como fío conductor a análise do poder, desde a súa xénese nos procesos de interacción social grupal e intergrupal ata a súa organización política no estado democrático moderno. O quinto bloque aborda a análise do actual sistema político, pola súa especial relevancia en canto contexto vivencial no que se desenvolve o alumnado:

BLOQUE 1º: O home como animal social

Contidos Conceptuais:

1ª U.D. A natureza social do ser humano

- Orixe e especificidade da sociabilidade humana: fundamentos filoxenéticos e ontoxenéticos.
- Cultura e interacción verbais :Tipos de interaccións verbais.
- proceso de socialización: funcións e axencias de socialización.
- Conformidade, varianza e cambio social.
- Principais teorías explicativas da desviación social.

Contidos Procedimentais:

- Identificación e análise de características específicas da sociabilidade humana, fronte a animal.
- A partir da observación de contextos reais, identificación e análise dos diversos tipos de interacción social nas diversas configuracións e grupos sociais.
- Reconstrución de procesos de socialización, identificando os mecanismos presentes nas distintas axencias de socialización.

- Identificación de distintos tipos de desviación social, analizando e avaliando o grao de aceptación ou tolerancia das mesmas.
- Análise do cambio producido nun determinado rol social xeracións.
- Debate sobre algún tipo de marxinação actual.
- Manexo e interpretación de información diversa (películas, noticias periódicas, documentais, etc.), relativa algún aspecto do tema

Contidos Actitudinais:

- Valoración da función enculturadora dos grupos sociais.
- Actitude crítica respecto á acción das principais axencias de socialización.
- Actitude prudente e reflexiva ante os diferentes tipos de desviación social.
- Sensibilidade ante calquera forma de marxinação social.

BLOQUE 2º As estruturas de poder.

Contidos Conceptuais:

2ª U.D. Grupos e organizacións sociais: a xénese do poder

- Os grupos sociais: noción e tipos de grupos.
- Estructura e dinámica de grupos: desigualdade e poder dentro do grupo.
- As organizacións formais: burocracia e outras opcións.
- As organizacións totais.

3ª U.D. Estratificación e mobilidade social.

- concepto de clase social na Socioloxía actual.
- A estratificación social.
- Teorías clásicas de estratificación social.
- Peche social, mobilidade social e cambio social.

4ª U.D. A organización política do poder.

- As fontes do poder nas sociedade e a formación do poder político.
- Formas preestatais de dominación política.
- A organización estatal do poder político.
- Poder político e estrutura económica.

Contidos Procedimentais:

- Identificación de indicadores de poder e de mecanismos do exercicio deste, en diferentes grupos facilmente observables polo alumno(familia, grupo de amigos).
- Investigación sobre o sistema penitenciario e a súa evolución, como exemplo de organización total.
- Investigación sobre estratificación social no contorno inmediato, establecendo indicadores que permitan os diferentes estratos sociais existentes e analizando posteriormente as súas características.

- Identificación, caracterización e comparación das diversas modalidades de organización política do poder, tanto estatais como pre-estatais, tomando como referencia formacións históricas concretas.
- Realización dun debate sobre a relación entre o sistema económico e a organización política.

Contidos Actitudinais:

- Toma de conciencia crítica ante os mecanismos de poder soterrados dentro dos grupos e entre grupos.
- Actitude crítica ante toda forma de inxusta discriminación.
- Valoración crítica das contribucións da organización estatal do poder.
- Valoración das organizacións supraestatais e de carácter internacional orientadas a promover unha orde mundial máis xusta.

BLOQUE 3º Estado Moderno e Constitucionalidade.

Contidos Conceptuais:

5ª U.D. Conformación histórica do Estado moderno.

- A xénese do Estado moderno.
- A evolución do Estado e as súas configuracións históricas.

6ª U.D. Estado e contrato social.

- A crise da lexitimidade tradicional: orixe e evolución dos dereitos individuais (do rol de súbdito ao de cidadán); as teorías do contrato social.
- As teorías contractualistas clásicas.
- As teorías neocontractualistas actuais.
- O contrato social como realidade sociolóxica.

7ª U.D. Contrato Social e Constitución.

- A constitución como limitación e control do poder: separación de poderes e estado de dereito; e tamén como recoñecemento e garantía dos dereitos fundamentais.
- Diferentes tipos de constitucións e de réximes políticos.

Contidos Procedimentais:

- Manexo, integración e interpretación de informacións históricas de diferentes fontes sobre a formación dos Estados modernos europeos, establecendo relacións cos sistemas armamentísticos e de guerra, así como co desenvolvemento económico do nacente capitalismo.
- Debate sobre a crise do Estado do benestar.
- Análise e comentarios de textos das principais teorías contractualistas clásicas e das teorías neocontractualistas.

- Lectura e análise da Constitución española de 1978, identificando e clasificando os dereitos e liberdades que recoñece, así como os principais órganos de poder do Estado e os mecanismos para o seu control e limitación.

Contidos Actitudinais:

- Valoración dos logros do Estado social do Benestar.
- Valoración da concepción do individuo como cidadán suxeito de dereitos e liberdades.
- Valoración da Constitución como instrumento de limitación do poder fronte a posibles arbitrariedades, e tamén como recoñecemento explícito dos dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns.

BLOQUE 4º. Comportamento e representación política.

Contidos Conceptuais:

8ª U.D. O réxime democrático

- A idea de democracia e a súa configuración histórica.
- Modelos de democracia e presupostos teóricos dos mesmos.

9ª U.D. A participación política nas democracias.

- A participación política institucionalizada: os partidos políticos e os grupos de intereses.
- Eleccións e sistemas electorais.
- A participación política non institucionalizada: os movementos sociais e as
- ONG
- A formación da opinión pública e a súa función política.

Contidos Procedimentais:

- Análise da democracia española actual, identificando a orixe de moitos dos seus ingredientes en relación cos distintos modelos de democracia.
- Identificación dos principais partidos políticos existentes no estado español e clasificación dos mesmos en función das súas características, analizando a súas propostas políticas.
- Identificación dos principais grupos de intereses existentes no estado español (sindicatos, patronais..) analizando a súa función e papel no deseño da política socioeconómica.
- Análise do papel desempeñado polos medios de comunicación de masa na conformación da opinión pública, avaliando a súa influencia na política institucional.

Contidos Actitudinais:

- Valoración da democracia como a forma máis racional e xusta de organización do poder pero mantendo unha actitude crítica ante as deficiencias prácticas na realización do ideal democrático.

- Tolerancia e valoración da pluralidade política e ideolóxica.
- Valoración dos partidos políticos como elementos básicos do xogo democrático.
- Autonomía racional e actitude crítica fronte ás mecanismos de conformación da opinión pública.

BLOQUE 5º O réxime político español.

Contidos Conceptuais:

- Antecedentes históricos do réxime actual.
- Constitución de 1978 e institucións básicas do Estado.
- Estructura territorial do estado e réxime de autonomías: o estatuto de autonomía de Galicia.

Contidos Procedimentais:

- Análise comparativa da Constitución española de 1978, en relación con outras do contorno cultural e político máis próximo.
- Avance e problemas do actual réxime de autonomías.
- Debate e propostas para mellorar o sistema de participación política.

Contidos Actitudinais:

- Valoración da Constitución de 1978 como garantía dos dereitos individuais.
- Valoración da democracia española como conquista irrenunciable pero que precisa dun maior afondamento.
- Valoración do réxime de autonomías como un avance na articulación territorial descentralizada do estado susceptible de perfeccionamentos.

Respecto do desenvolvemento deste Bloque temático, salientar que os seus contidos van ser na súa maioría transversalizados nos bloques anteriores, xa que estaremos aludindo constantemente ao Estado Español e a o sistema de autonomías, con especial referencia a Galicia. Por iso algúns dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais se solapan cos dos bloques anteriores.

Materiais:

Traballaremos co libro de texto para esta materia da editorial Xerais, como xa vimos facendo dende hai anos. Asemade a profesora pode ampliar este material con fotocopias de textos ou de artigos de prensa, ou calquera outro material que considere necesario. Traballarase asimesmo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos e tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca. Realizarán un traballo etnográfico de investigación durante polo menos os dous primeiros trimestres, dado que no terceiro en 2º de BAC coinciden gran cantidade de exames. Obxectivo do traballo de investigación é achegalos á realidade social máis próxima a eles/elas, recoñecemento da distancia que existe en entre ámbito formal e informal, práctica de metodoloxía sociolóxica

cunha aproximación os distintos tipos de sistemas de recollida, cómputo e análise sociolóxica. Tamén existe unha parte do traballo que se refire directamente á relación entre ética da investigación do traballo sociolóxico

Secuenciación:

Non é necesario insistir aquí a dificultade que conleva facer unha secuenciación dun temario a impartir, xa que esta pódese ver alterada por certas circunstancias ao longo do curso. Nembargantes, como título orientativo consideramos a seguinte distribución:

1ª Avaliación: unidades 1ª, 2ª, 3ª e 4ª

2ª Avaliación: unidades 5ª, 6ª e 7ª

3ª Avaliación: unidades 8ª, 9ª e 10ª.

Mínimos

Bloque 1º:

- Orixe da sociabilidade humana
- Proceso de Socialización: funcións e axencias de socialización
- Diferencias entre varianza e desviación social

Bloque 2º:

- Os grupos sociais. A desigualdade e poder dentro deles
- Caracterización xeral das organizacións formais e totais
- A estratificación e as teorías clásicas sobre ela
- Identificación, caracterización e comparación das diversas modalidades de organización política do poder.

Bloque 3º:

- Definición do Estado Moderno. A súa evolución
- Diferencia entre súbdito e cidadán
- Importancia da constitución como control do poder. Distintos tipos de constitucións e de réximes políticos.

Bloque 4º:

- Definición de democracia e caracterización xeral dalgúns dos modelos da mesma
- Participación política nas democracias: distinguir entre partidos políticos, movementos sociais e ONGs
- Caracterización da opinión pública e a súa función na política

Bloque 5º:

- Caracterización do réxime político español: Constitución de 1978 e institucións básicas do Estado

- Réxime de autonomías: caracterización xeral do Estatuto de Autonomía de Galicia

Criterios de Avaliación:

Asumimos plenamente os establecidos no DCB da materia.

- Manexar e analizar información procedente da Socioloxía referida ás procesos de interacción social: socialización-desviación, grupos sociais e estratificación social.
- Analizar información referida ás diferentes estruturas de poder, así como á organización política do mesmo tanto en sociedades pre-estatais como estatais, precisando as súas características diferenciais e a interdependencia das mesmas respecto a factores económicos.
- Utilizar e analizar información histórica diversa referida a procesos de organización e de transformación política: a xénese e a evolución do estado moderno e as súas diferentes configuracións históricas, así como o desenvolvemento dos sistemas políticos da España contemporánea.
- Analizar e comparar diversas informacións e textos constitucionais referidos á distribución do poder dentro do estado e caracterizar, a partir deles, os diferentes tipos de réximes políticos, con especial referencia ó réxime español actual.
- Comentar textos de filosofía política referidos ás diversa teorizacións e fundamentacións contractualistas do Estado moderno.
- Seleccionar, integrar e interpretar datos e información diversos, referidos a diferentes aspectos do comportamento político: modalidades de participación, sistemas de elección e de representación, sistemas de partidos, formación da opinión pública e grupos de interese.
- Participar en debates sobre temas políticos de actualidade, mantendo unha actitude de tolerancia e respecto cara as opinións vertidas por outros compañeiros.
- Valorarase a asistencia a clase como mostra de interese pola materia, ó igual que o traballo diario.
- Valorarase así mesmo, a corrección ortográfica como a corrección na expresión das ideas.
- Traballarase con películas que teñan que referencia coa temática explicada nese momento e sobre as cales, os alumno/as, terán que facer un traballo posterior
- Avaliarase de xeito continuado a actitude do alumno nas distintas horas de clase da materia, o caderno de traballo onde figuran comentarios de texto e solución de exercicios propostos polas profesoras. Realizaranse exames da materia impartida en cada avaliación, con axuda de material, que se sumará as demais notas que teña a profesora dese trimestre, sendo a nota media de todas elas a nota correspondente de cada avaliación. Pero si nalgún momento dado compróbase que a marcha do curso non é a correcta ou que algún alumno queda totalmente desligado de esta maneira de traballar, procederase a facer un exame teórico sobre os contidos impartidos durante o período lectivo correspondente a esa avaliación. Haberá posteriormente unha recuperación por cada

avaliación impartida. Así mesmo, haberá unha proba de suficiencia e un exame extraordinario en Setembro para os alumnos que non aproben a disciplina no curso ordinario, na que se esixirán os contidos conceptuais mínimos, permitindo un maior grao de xeneralidade para superalo curso. Non obstante, en todo momento primará manter a orientación dos criterios de avaliación expostos anteriormente. As devanditas probas escritas serán elaboradas polo seminario de filosofía do instituto Santiago Basanta Silva de Vilalba, tendo en conta a lexislación vixente.

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

ÉTICA DE 4º ESO

Un dos fundamentos que ten a educación é que o alumnado sexa capaz de desenvolver a súa personalidade, incluíndo nisto a súa formación moral, para así poder ser capaces de ir asumindo, de un modo crítico, reflexivo e progresivo a práctica da súa liberdade, dos seus dereitos e deberes tanto individuais como sociais, tendo como contexto un clima de respecto e tolerancia cara todo outro tipo de manifestación cultural, moral, social, política e relixiosa distinta á súa propia. Debido a isto, a ensinanza da ética, da reflexión ética, de carácter filosófico, convértese en algo incuestionable na educación moral ó longo do ensino secundario.

A ética constitúe unha materia propia, de carácter filosófico, situada fóra do ámbito da área das ciencias sociais, pero sempre en continuo diálogo con elas. Ten como tarefa a de intentar contribuír a formar cidadáns racionais, críticos, abertos e tolerantes, é dicir, que podan ser capaces de fundamentar racionalmente as súas conviccións morais e que amosen tolerancia cara os demais; que sexan capaces de mostrar respecto ante as diferentes manifestacións relixiosas, morais e políticas que presenten os demais individuos e que as valoren polo que significan de enriquecemento da cultura humana. En calquera caso, a tarefa da ética non consiste en levar a cabo ningún tipo de adoutramento moral, político ou relixioso; precisamente para evitar isto preséntanse os problemas morais xerados no noso mundo actual, en forma de dilemas, para así desenvolver no alumnado a súa capacidade argumentativa e crítica. Tamén preséntase como necesaria a fundamentación filosófica da especificidade humana e algúns conceptos claves da moralidade humana, como poden ser: norma, valor, autonomía, liberdade, deber, dereito, etc.

A Ética de 4º de ESO debe servir como punto de contacto para o alumnado con algúns temas que se tratarán máis profundamente na Filosofía de 1º de Bacharelato, iniciándoos no vocabulario filosófico, nos procedementos argumentativos e nas teorías dalgúns filósofos que se estudarán nos cursos posteriores de bacharelato.

Obxectivos: (seguindo o D.C.B. da materia)

- Coñecer e comprender os trazos específicos que fundamentan a moralidade humana na súa práctica individual e social.

- Analizar, comprender e avaliar criticamente os procesos de formación e evolución dos valores e normas morais, tanto no plano social e histórico como no psicológico e persoal.
- Desenvolver actitudes tolerantes en relación coa diversidade de valores e crenzas propias das sociedades pluralistas.
- Analiza-los principais problemas morais do noso tempo e adquirir unha sensibilidade diante deles, desenvolvendo competencias dialóxicas que predispoñan á participación activa na construción dunha sociedade xusta e solidaria.
- Coñecer, analizar e valorar as diversas contribucións das diferentes teorías e proxectos éticos, tanto históricos como actuais
- Identificar e analizar as diferentes formas de organización política das sociedades actuais, sobre todo o sistema democrático e o estado social de dereito, valorando criticamente os seus logros, as súas deficiencias e o seu horizonte ético de busca incesante da xustiza.
- Utilizar o diálogo e o debate como modo idóneo para estimular a capacidade argumentativa.
- Fomentar o clima de diálogo e de tolerancia nas actividades da aula.
- Potenciar a adquisición de independencia de criterio e capacidade crítica.

Contidos:

O D.C.B. da materia divide o contido da mesma en catro bloques temáticos, tendo lugar destacado os temas de filosofía moral e, en menor medida, de filosofía política e xurídica. A continuación exporemos eses bloques tal e como veñen no D.C.B. aínda que a nosa temporalización dos mesmos non se producirá nesa orde, cuestión que se explicitará no apartado de secuenciación.

BLOQUE I. Problemas morais do noso tempo

Serán tratados neste bloque, aínda que non dunha maneira exhaustiva, algúns dos problemas morais máis importantes do noso mundo actual, nos que aparecen mesturados factores de tipo social, económicos, científico tecnolóxicos e ecolóxicos.

Unidade 1: Problemas derivados de factores sociais, políticos e económicos.

- A difícil tarefa do convivir humano.
- Marxinación e exclusión social.
- As discriminacións por razón de raza, sexo, lingua, relixión...

Unidade 2: Problemas derivados dos factores científicos e tecnolóxicos

- Relacións do ser humano coa natureza: degradación do medio ambiente.
- Os retos da xenética,
- Guerra e carreira armamentística
- Consumismo e publicidade.

Unidade 3: Problemas derivados do mundo persoal.

- Plans e ideais de vida: responsabilidade, hábitos, valores e virtudes morais.
- Inserción no mundo laboral.
- Relacións persoais: amor, amizade, sexualidade...

BLOQUE II. A democracia como ámbito dos proxectos éticos contemporáneos

Neste bloque o concepto a analizar é o de democracia: o seu significado ético, político e xurídico, como o contexto no que os cidadáns podan levar a cabo a realización de proxectos éticos nos que queden plasmados e se fagan efectivos os dereitos humanos.

Unidade 4: Os dereitos humanos

- A historia da xeración dos dereitos humanos.
- Concepto e características: os dereitos humanos como forma de convivencia.

Unidade 5: Democracia e cidadanía

- A organización política: lexitimidade e legalidade nunha sociedade pluralista.
- Cidadanía e participación: a liberdade política; o sistema democrático e o diálogo como camiño para a paz.

Unidade 6: Algúns proxectos éticos.

- Ecoloxismo
- Proxecto ético do pacifismo - Voluntariado
- Feminismo

BLOQUE III. A racionalidade e a estrutura da vida moral

Os conceptos a analizar son os que atinxen á vida moral.

Unidade 7: Os valores e normas morais: xénese social e histórica.

- Os valores: clasificación. Xénese dos valores morais. Valores morais absolutos e relativos.
- As normas: clasificación. As normas morais.

Unidade 8: A conciencia: heteronomía e autonomía moral

- A autonomía moral: as conexións liberdade-responsabilidade--moralidade.
- A heteronomía moral e a dependencia no obrar moral: a formación da personalidade moral do individuo no contexto social; a socialización.

Unidade 9: A lexitimación da autoridade

- Home como ser social: dereitos e deberes.
- Poder político ó longo do tempo: necesidade da autoridade, o poder coercitivo do Estado. Límites e lexitimidade do Estado

BLOQUE IV. Teorías Éticas

Trataranse neste bloque temático os principais enfoques históricos da reflexión ética.

Unidade 10: Éticas dos fins

- As teorías eudemonistas.
- As teorías hedonistas.
- As teorías utilitaristas.

Unidade 11: Éticas do deber

- As teorías deontolóxicas intencionais.
- As teorías deontolóxicas actuais.

BLOQUE V. Ética e Relixión

Unidade 12: Ética e Relixión.

- Diferencias e relacións entre ética e relixión.
- Actitude ética e actitude relixiosa.

Unidade 13: As relixións nunha sociedade democrática.

- A opción relixiosa.
- A relixión nun estado de dereito: tolerancia relixiosa e pluralismo político

Materiais

Empregaremos como material de apoio e guía o libro de texto "Ética 4º ESO da editorial Santillana. Asemade a profesora pode ampliar este material con fotocopias de textos ou de artigos de prensa, ou calquera outro material que considere necesario. Traballarase asimesmo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos e tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca.

Secuenciación:

En primeiro lugar temos que facer aquí mención da dificultade que supón levar á práctica o desenrolo de tódolos temas de maneira algo profunda e cun mínimo rigor, debido ó feito de contar só cunha hora lectiva á semana. En segundo lugar, precisar o xa mencionado ó comezo da explicitación dos contidos no que respecta a orde de explicación dos mesmos: consideramos necesario que o alumnado conte cun vocabulario preciso en termos éticos para poder facer despois as precisas reflexións sobre certos temas a discutir; por este motivo alteraremos a orde de exposición.

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

1. Tema introductorio: Que é a ética?

1.1. O home como ser moral.

- 1.1.1. Categorías que definen a acción moral.
- 1.1.2. Home moral, inmoral, amoral
- 1.1.3. A liberdade. Condicionamento e determinación.
- 1.1.4. O desenvolvemento da conciencia moral.
- 1.1.5. A responsabilidade.
- 1.1.6. Autonomía / Heteronomía moral.

1.2. Caracteres do discurso moral

1.3. Diferencia da Ética respecto da relixión, a política, a ciencia e o dereito.

Materiais:

Libro de texto: en tema 10, 3 e 7: conciencia moral, autonomía e heteronomía moral, caracteres do discurso moral e outros. Explicacións e materiais aportados pola profesora

2. Valores e normas morais

(TEMA 8 do libro de texto e outros materiais aportados pola profesora)

3. Conflitos morais

(Parte correspondente do TEMA 7 do libro de texto e outros)

4. Relativismo e universalismo moral

(Parte correspondente do TEMA 8 do libro de texto e outros)

SEGUNDA AVALIACIÓN:

5. Presentación das distintas teorías éticas

(Parte correspondente dos TEMAS 11 e 12 do libro de texto)

6. A "diferencia" como principio fundamental da sociedade humana.

6.1. Formas e figuras da identidade

- 6.1.1. Introducción ás conceptos básicos: diversidade, identidade, inmigración, raza, etnia, cultura.
- 6.1.2. As formas de exclusión: racismo -biolóxico e cultural-, estigmatización, prexuízo, xenofobia, discriminación, segregación, marxinação.
- 6.1.3.

Diferencia e integración: reflexión sobre a diferencia baseada no respecto ós Dereitos Humanos.

Materiais:

- TEMA 6 do libro de texto

TERCEIRA AVALIACIÓN:

7. Dereitos humanos

Materiais: Documentado fundamentalmente a través da páxina web de Amnistía Internacional e dos exercicios nela propostos. Tema 4 do libro de texto.

8. Ética e traballo: o traballo como realización persoal e contribución social (Farase coincidir coa celebración do 1 de maio)

8.1. Os sindicatos 8.2. Ética profesional 8.3. A división sexual do traballo (tema da muller) 8.4. O 1º de maio: significado des ta celebración Tema 3 do libro de texto.Outros aportados pola profesora).

Materiais:

Tema 3 do libro de texto.Outros aportados pola profesora.
O tema Ética e relixión será tratado transversalmente.

Procedementos:

- Análise de procesos de socialización moral e dos seus principais axentes, tomando exemplos do entorno, da literatura...
- Análise de procesos de formación e evolución de valores morais, recorrendo a exemplos concretos tanto do propio contorno como históricos.
- Identificación e tipificación de diferentes conductas morais observadas na experiencia ou simuladas en tanto que autónomas ou heterónomas.
- Análise e resolución de dilemas morais reais e hipotéticos.
- Lectura e análise de textos de contido moral e ético.
- Busca e análise crítica de información sobre os problemas morais do noso tempo e debate sobre eles.
- Análise dos principais proxectos éticos contemporáneos e debate sobre os medios para a súa viabilidade e progreso
- Realizaranse traballos sobre material audiovisual (películas e/ou documentais) consistentes en contestar cuestionarios ou en realizar comentarios dirixidos, segundo o caso.
- Faranse lecturas de artigos de prensa e outros sobre cuestións actuais que traten distintos aspectos referentes ó programa: feminismo, pacifismo, tolerancia; liberdade relixiosa- Sobre eles o alumnado realizará comentarios de texto, debates .. segundo o caso.
- Proporanse lecturas voluntarias dirixidas (cuestionarios)
- Faranse traballos en grupo (colectivos) sobre un tema do programa seguíndose as seguintes indicacións:

- a) O grupo decidirá conxuntamente as distintas partes de que conste o traballo, preocupándose de conseguir ofrecer unha visión global do tema o máis completa e coordinada posible.
- b) Distribuiranse as distintas partes ou seccións do traballo entre cada un dos membros do grupo.
- c) Cada alumno ocuparase de desenvolver a parte que lle corresponda preocupándose de manterse coordinado cos demais compañeiros de traballo a fin de manter a coherencia.
- d) Cada membro do grupo realizará a exposición da súa parte á clase, podendo axudarse dun guión pero nunca limitándose a ler o traballo que preparou.
- O caderno ou diario de clase do alumnado permitirá valorar o nivel de comprensión, o desenvolvemento das actividades, a orixinalidade e creatividade, a capacidade crítica etc.
- Faranse tamén traballos monográficos a nivel individual.

Mínimos:

Bloque I. Problemas morais do noso tempo

-Recoñecer a difícil tarefa da convivencia humana e saber identificar os posibles problemas que poden xurdir no seu transcurso: marxinação, discriminacións...

-Identificar os problemas derivados dos factores científicos e tecnolóxicos: no ámbito da ecoloxía, da xenética, do consumo e da publicidade.

-Identificar e valorar os problemas derivados do mundo persoal: responsabilidade, valores, relacións persoais.

Bloque II. A democracia como ámbito dos proxectos éticos

-Coñecemento básico da xeración e historia da Declaración dos Dereitos Humanos.

-Identificar as características dun sistema democrático e valoración do diálogo como camiño para a paz

-Identificar e caracterizar brevemente algúns proxectos éticos contemporáneos.

Bloque III. A racionalidade e a estrutura da vida moral

-Valores: xénese, definición, xénese, clasificación. Xénese dos valores morais.

-Normas: definición, clasificación. As normas morais.

-Conceptos de autonomía e heteronomía. Formación da personalidade moral do individuo.

-Concepto de autoridade. Poder político e poder coercitivo do Estado. Límites e lexitimidade do Estado.

Bloque IV. Teorías éticas

-Definición e identificación das éticas dos fins.

-Definición e identificación das éticas do deber.

Bloque V. Ética e Relixión

- Diferencias e relacións entre ambos conceptos.
- Tolerancia relixiosa e pluralismo político.

Criterios de avaliación:

- Identificar e analizar de modo fundamentado os principais conflitos morais do mundo actual como expresión de posicións éticas enfrontadas
- Coñecer e expresar con claridade os conceptos básicos da estrutura moral dos seres humanos: dignidade persoal, valor, norma, deber e responsabilidade moral.
- Comprender, expresar correctamente e valorar o significado histórico e plural das normas e valores morais dos individuos e sociedades humanas.
- Coñecer e apreciar as diferentes pautas culturais e morais que se dan nas sociedades modernas.
- Coñecer e expoñer con claridade as principais achegas teóricas dos proxectos éticos actuais.
- Coñecer e expresar correctamente a noción de democracia e de estado social de dereito.
- Utilizar o diálogo e a argumentación como instrumento adecuado para xustificar as propias posicións éticas e para debater as contrarias.
- Respetar as posicións diferentes da propia que podan ser vertidas tanto na aula como nos ámbitos familiar e social, amosando respecto e capacidade para facer do diálogo un medio de crecemento intelectual e persoal.
- Participar, democrática e cooperativamente, nas actividades programadas tanto na aula como fóra dela.
- Ser capaz de obter información relevante sobre un problema concreto a partir de materiais que proveñan de distintas fontes; elabora-la información, contrastala e utilízala criticamente
- Compoñer textos que expresen de forma clara e coherente o resultado dunha reflexión individual ou colectiva sobre un tema
- Analizar algúns dos principais problemas do noso mundo aplicando os conceptos e procedementos adquiridos.
- Posición aberta e crítica respecto da información recibida, alerta respecto de posibles prexuízos e xenerosa no trato cos demais.
- A avaliación atenderá aos procesos e non só os resultados, estando atenta aos valores éticos e non só aos aspectos técnicos, buscando a comprensión dos significados e non só constatar datos. Para acadar o antedito:
 - a) clarifícanse ao comezo de curso os criterios de avaliación ao alumnado
 - b) de participar activamente e con aproveitamento nas actividades propostas, anteriormente sinaladas, coa adecuada actitude, o alumnado acadará a suficiencia en cada avaliación
 - c) a cualificación en cada avaliación será o resultado de facer a media entre as cualificacións nos distintos exercicios e actividades

propostas (exames, traballos individuais e colectivos, comentarios de texto, intervencións na clase, resumos etc.)

- d) as actitudes na clase (comportamento, respecto amosado, interese, participación..), considéranse de suma importancia
- e) se algún alumno ou alumna se desvinculase do traballo na materia, non acadando a cualificación de 5 resultado da media das distintas actividades, será convocado a un exame teórico único ó fin do trimestre, relativo á materia traballada durante todo o mesmo. Neste caso haberá, posteriormente, un exame de recuperación, de ser preciso. O alumnado que non consiga superar a materia terá unha proba extraordinaria en setembro.

CULTURA RELIXIOSA 4º ESO

Tendo en conta os cambios anunciados pola Leis con respecto os contidos desta materia, que se implantarán nos próximos anos académicos e que parece cambiará os enfoques e o status das asignaturas correspondentes a ESO e 1º de BAC, se decide manter os criterios que dende hai anos consensuaron os Departamentos de Ciencias Sociais e Filosofía para tentar coordinar as programacións e complementar así as liñas didácticas no primeiro ciclo e os cursos posteriores, tanto da ESO como de BAC.

Así se estableceron os seguintes criterios que este Departamento manterá este curso 2007-2008 en espera das novas indicacións da LEI en anos sucesivos:

O Departamento de Ciencias Sociais tratará no segundo curso do primeiro ciclo os aspectos máis diacrónicos do temario e as manifestacións de carácter artístico, especialmente aquelas relacionadas coas manifestacións plásticas, escultóricas e arquitectónicas. O Departamento de Filosofía no segundo curso do segundo ciclo (4ºESO) centrarase máis nos aspectos antropolóxicos e sociolóxicos do curriculum oficial así como nas manifestacións culturais na música e na literatura prioritariamente, aínda que ambos departamentos compartían que resulta inevitable a súa vinculación e, polo tanto, a referencia continua ós demais.

En ambos niveles da ESO, así como en BAC, amosarase especial interese na relación co contorno cultural galego.

Contidos Conceptuais

A materia a impartir está distribuída en catro bloques temáticos:

1º BLOQUE : Evolución do feito relixioso

- Sagrado e profano
- Os mitos
- O misterio
- Orixe e evolución das grandes relixións: cristianismo, xudaísmo, islamismo, budismo.

2º BLOQUE: Manifestacións artísticas como elementos expresivos de crenzas

- Na pintura
- Na arquitectura
- Na escultura
- Na música
- Na literatura

3º BLOQUE: O feito relixioso e as manifestacións artísticas na cultura galega

- A necesidade de darlle sentido á existencia humana
- O medo á morte e ao descoñecido tan patente nas manifestacións galegas: cruceiros, camposantos, lendas; a inquedanza sobre a existencia ou non da transcendencia.

4º BLOQUE: Actitude ante a Relixión

- A morte
- A transcendencia
- O agnosticismo e o ateísmo
- As explicacións racionais
- A liberdade e o pluralismo relixioso

Tendo en conta o carácter terminal da ESO, tal e como especifica a lei considerouse oportuno tamén ter en conta certos contidos do BAC (actitudes ante a relixión, razón, relixión e sociedade civil...) sen os cales é especialmente difícil explicar e comprender o feito relixioso, así como acadar obxectivos formativos da persoa presentes nos específicos desta asignatura nos distintos niveis nos que a contempla a lei.

Materiais

O desenvolvemento do temario será realizado en gran medida co recurso ó cine. A través de películas e fichas complementarias tentarase facer un percorrido polos contidos que constitúen o programa oficial motivando así o interese pola asignatura. Tamén poderase traballar con fotocopias impartidas polo profesorado con respecto o tema a impartir nese momento e con fichas de actividades sobre as mesmas. Traballarase asimismo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos. Tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca.

Contidos actitudinais

- Desenvolver en relación co tratamento dos contidos conceptuais actitudes que fagan conscientes os seus valores máis profundos para poder revisalos á luz da razón e os dereitos de todos os seres humanos.
- Posibilitar unha maior flexibilidade a través da reflexión sobre os propios posicionamentos que favoreza o diálogo con visións

alternativas e /ou diverxentes posibilitando o enriquecemento mutuo.

- Coñecer distintas formas de outorgar sentido á existencia humana e as manifestacións creativas que pode adoptar, como fonte da que nutrirse para crecer nosotr@s interiormente.
- Actitudes de valoración das creacións humanas constructivas para o diálogo e unha verdadeira convivencia respectuosa e democrática. Revisión de actitudes excluíntes, ou discriminativas pola razón de raza, sexo, procedencia, valores económicos ou factores de calquera outra índole contra ás que no fondo loita todo verdadeiro saber humano incluído o das grandes relixións.
- Xerar, en contacto coas grandes cosmovisións relixiosas, actitudes de pensamento autónomo fronte a todo dogmatismo favorecido pola heteronomía.

Secuenciación

No primeiro trimestre será impartido, en primeiro lugar, o bloque de contidos "Evolución histórica do feito relixioso" e a continuación ou, en todo caso, paralelamente o bloque de contidos "As manifestacións artísticas como elementos expresivos das crenzas"

No segundo trimestre impartirase o segundo bloque temático e o cuarto farase no terceiro e último trimestre.

Mínimos

Bloque 1º. Evolución do feito relixioso

- Trazos significativos do feito relixioso
- Orixe e evolución das grandes relixións

Bloque 2º. Manifestacións artísticas como elementos expresivos de crenzas.

-Recoñecemento na pintura, arquitectura, escultura, música e literatura elementos expresivos de crenzas.

Bloque 3º. O feito relixioso e as manifestacións artísticas na cultura galega

-Identificación nas manifestacións artísticas o feito relixioso sendo capaces de analizar os seus trazos significativos.

Bloque 4º. Actitude ante a Relixión.

- Agnosticismo e ateísmo
- Liberdade e pluralismo relixioso.

Avaliación

Dado o carácter optativo da asignatura e recollendo o que afirma a propia Lei, que é unha materia que non sendo computable si debe ser avaliada,

a avaliación se realizará en base a todos os traballos, actividades e participación dos alumn@s ao longo de cada trimestre. No caso de que algún alumno/a deixe de ter dita actitude participativa e positiva se lle fará un exame teórico para recuperar esa parte dos contidos. Terase en conta a evolución positiva ao longo do curso para a nota final. Os criterios e estratexias seguirán o exposto na metodoloxía xeral, e máis especificamente os especificados para a Ética de 4º.

HISTORIA E CULTURA DAS RELIXIÓNS DE 1º e 3º DA ESO

Dende as súas orixes o ser humano amosou unha preocupación pola transcendencia expresada na súa dimensión relixiosa, constituíndo así o fenómeno relixioso unha peza clave na configuración dos grupos sociais. A influencia das relixións na vida individual e colectiva é ben patente, adquirindo unha dimensión cultural pola súa influencia no mundo do pensamento e da arte, polas raíces relixiosas de moitas das nosas costumes e por inspirar códigos de conducta, tanto a nivel individual como colectivo. No caso de Galicia estas influencias son máis que evidentes, sobre todo, da relixión cristiá.

Hoxe en día estamos a presenciar unha grande variedade de crenzas, tanto relixiosas coma non relixiosas. Ao mesmo tempo estase a dar un proceso de secularización da sociedade propiciando cambios moi notables no papel e importancia das relixións. Todo isto afecta de maneira irremediable ás vidas das persoas e as relacións que se establecen entre os diferentes grupos sociais. Debido a todo o anteriormente exposto, a materia de Historia e Cultura das Relixións, concibe o estudo das crenzas e prácticas relixiosas como un elemento da civilización. Téntase que o alumnado se acerque ao coñecemento das principais relixións e das súas manifestacións en relación con outras realidades sociais e culturais, así como á comprensión da súa influencia tanto no pensamento como na dimensión social e política de todas as culturas ao longo da historia. Enmárcase tamén a expresión relixiosa na súa realidade concreta, coas súas proxeccións positivas como negativas, tanto na configuración das sociedades nas que nacen como nas relacións con outros pobos.

Todo este estudo farase dende un enfoque que non pretende ser nin confesional, nin de vivencia relixiosa, e tampouco pretende defender posturas ateas ou agnósticas, senón que a pretensión que se ten é a de amosar ao alumnado a variedade ideolóxica e relixiosa presente no noso mundo actual, dando a coñecer os trazos máis salientables das principais relixións e a súa presenza nas sociedades actuais; como tamén resaltar a importancia da liberdade das conciencias e da liberdade relixiosa para darse unha convivencia plena e enriquecedora. Para conseguir isto tentarase desenvolver no alumnado actitudes tolerantes cara aqueles que teñan ou non crenzas, respecto a Declaración dos dereitos humanos, no marco da constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas

A materia de “Historia e Cultura das Relixións” contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas da ensinanza secundaria.

En canto á *competencia en comunicación lingüística* a materia esixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formarse xuízos críticos e un comportamento ético, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros) dando coherencia e cohesión ao seu discurso como as súas accións, tomando decisións e disfrutando escoitando aos demais, lendo, falando e escribindo. Asimesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, xa que ao exercitar o diálogo, instrumento básico de comunicación – de emocións, pensamentos, opinións - podemos contribuír a unha convivencia tolerante e respectuosa coas vivencias particulares de cada persoa. E é que para poder establecer relacións construtivas cos demais e co entorno son necesarias a comunicación e a conversación. Exercitando ámbalas dúas tomamos conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais así e como tamén desenvolvemos a capacidade empática de poñernos no lugar do outro.

O estudo desta materia axudará ao coñecemento de espazos xeográficos onde se desenvolveron e manifestaron as distintas tradicións, e por ende ao coñecemento da nosa propia terra, contribuíndo ao desenvolvemento da competencia do coñecemento e interacción do mundo físico. Tamén favorece á comprensión da complexidade da realidade histórica e social do mundo, tendo en conta a súa evolución, cos seus problemas, logros e deficiencias. Por isto último, axúdanos tamén a entender os trazos das sociedades actuais, como a comprender as aportacións que as diferentes culturas relixiosas prestaron no progreso da humanidade, e dispor dun sentimento de pertenza á sociedade na que se vive; favorecendo polo tanto á competencia social e cidadá. Da mesma maneira esta materia promove a adquisición das habilidades sociais que permiten saber que os conflitos, tanto de valores, crenzas como de intereses, son parte ineludible das relacións humanas e que debemos resolvelos con actitude constructiva, utilizando para iso a reflexión crítica e o diálogo.

Ao mesmo tempo esta materia axuda ao desenvolvemento da competencia cultural e artística, xa que leva consigo coñecer, comprender e valorar criticamente as manifestacións culturais e artísticas de carácter relixioso (na arquitectura, música, literatura, artes plásticas) enriquecéndose no seu gozo e considerándoas como parte do patrimonio dos pobos.

A materia “Historia e Cultura das Relixións” contribúe tamén á consecución da *competencia dixital e do tratamento da información*. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información. Así mesmo, contribuírase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos.

Tamén, esta materia axuda ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender fomentando a adquisición por parte dos alumnos da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que

cada un ten as súas, pero todas son válidas e poder chegar a producir xuntas bos resultados. A didáctica desta materia promove distintas estratexias e técnicas: de estudo e información, de observación e recollida de feitos e relacións, de traballo en grupo, de resolución pacífica dos conflitos, de aceptar os erros, de aprender de e con os demais

No que toca á *autonomía e iniciativa persoal* a nosa materia axuda aos estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. E asimesmo implica a curiosidade de prantexar preguntas e identificar e manexar as diferentes respostas; facendo que o alumnado vai adquirindo iniciativa e perseverancia, autoestima e autocrítica, creatividade, control emocional e responsabilizarse das propias opcións.

Obxectivos (asumimos plenamente ós do DCB da materia)

- Coñecer o feito relixioso nas súas diferentes manifestacións e identificar os trazos básicos das principais relixións como forma de axudar a comprender a pluralidade relixiosa existente na sociedade actual.
- Comprender o nacemento e desenvolvemento das relixións no contexto político, social no que xurdiron e relacionadas coa traxectoria dos pobos nas diferentes facetas da súa realidade histórica.
- Valorar as manifestacións culturais e artísticas das tradicións relixiosas como parte do patrimonio cultural dos pobos, asumindo a responsabilidade da súa conservación e apreciándoas como recurso para o enriquecemento persoal.
- Localizar e identificar, en España e en Galicia, as ricas aportacións das tradicións relixiosas á vida dos pobos e a través de monumentos, artes plásticas e literarias.
- Identificar as aportacións morais de determinadas relixións e valorar a súa influencia nas relacións humanas.
- Concretar e analizar as causas dos enfrontamentos violentos entre as diferentes confesións relixiosas e propoñer solucións pacificadoras a estes conflitos.
- Destacar as principais iniciativas a prol do diálogo interrelixioso para fomentar a interculturalidade no seo dos Estados pluriculturais.
- Recoñecer o dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara a crenzas ou non crenzas das persoas, e de rexeitamento cara a situacións de inxustiza, discriminación e fanatismo baseadas nas crenzas relixiosas.
- Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e as necesarias habilidades para defender as propias posicións, a través da argumentación documentada e razoada, así como valorar as razóns e argumentos das outras persoas.
- Sinalar a relación entre unha educación cívica e democrática e a educación relixiosa

Contidos

Os contidos preséntanse agrupados en tres Bloques temáticos que, con progresiva dificultade, estarán presentes nos tres primeiros cursos de educación obrigatoria.

BLOQUE 1 Manifestacións relixiosas a través dos tempos

- As primeiras manifestacións relixiosas na Prehistoria: a manifestación do sagrado na natureza. As pinturas rupestres e o seu significado relixioso. Vida despois da morte.
- A relixión no neolítico galego: megalitos e petroglifos. Os cultos prerromanos en Galicia. A influencia máxica relixiosa nos mitos e lendas.
- O politeísmo relixioso en Mesopotamia e Exipto: as claves da relixión: o máis alá. Mitos, ritos, templos e sacerdotes mediadores.
- A relixión en Grecia e Roma. Mitos, ritos e templos. A dimensión artística do politeísmo grecorromano.
- As relixións orientais: Os mitos e as doutrinas morais do Hinduísmo. As castas e os intocabeis. O Hinduísmo actual. Gandhi e a a-himsa (non-violencia) Buda e o Budismo. As Catro Nobres Verdades e o Camiño cara a Iluminación. Karma, samsara e nirvana. Confucio, Mestre de Sabedoría. Ética universal e tradición relixiosa no Confucianismo. Lao Tzé e oTaoísmo. O significado do Tao te king: o curso do ceo e o fluír pacífico da natureza. O taoísmo ecolóxico. O Ying e o Yang, opostos que se complementan.O xintoísmo e o culto familiar clánico. A divindade do poder imperial en Xapón.
- As relixións da América precolombiana. Aztecas, Maias e Incas: un politeísmo mítico e ritual.

Criterios de avaliación

- Describir algúns mitos significativos das distintas relixións, establecendo comparacións entre eles e identificando a súa posible influencia na nosa tradición cultural.É importante que as devanditas comprobacións teñan unha especial referencia ao contexto relixioso-cultural de Galicia.
- Recoñecer nalgúns ritos das relixións máis antigas a relación con aspectos significativos da vida das persoas, como son o nacemento, o matrimonio ou a morte, e a pervivencia desas crenzas na tradición relixiosa-cultural dos pobos. De novo a importancia de referir as devanditas comprobacións ao contexto relixiosocultural de Galicia.
- Situar xeograficamente as principais manifestacións máxica-relixiosas da prehistoria en pinturas, petroglifos, esculturas e monumentos megalíticos.
- Caracterizar os edificios sagrados das primitivas relixións politeístas e as súas creacións artísticas en xeral , recoñecéndolas como manifestacións do patrimonio cultural-relixioso.
- Coñecer e valorar as aportacións morais e a orixinalidade doutrinal das relixións orientais e a súa influencia nas sociedades actuais.

BLOQUE 2 : As relixións monoteístas

- Xudaísmo: cando Deus fala. A Biblia xudía e o Talmud. Ritos, festas, espazos e símbolos. O mesianismo. A historia do xudaísmo: entre a diáspora e a persecución. A situación actual: xudaísmo reformado e liberal, ortodoxo/ultraortodoxo e conservador. Os xudeus en España e Galicia
- Mahoma e o Islamismo. O Corán e a Shari'a. A ética: Os cinco Píares. Ritos, festas, espazos e símbolos. A expansión do islamismo: tolerancia e guerra santa. A diversidade do mundo islámico na actualidade: modernidade, teocracia e fundamentalismo. O islamismo en España.
- O Cristianismo: Xesús o Cristo. O Antigo e o Novo Testamento. A vida dos primeiros cristiáns e a expansión da primitiva igrexa. Ritos, festas, espazos e símbolos. Ortodoxia e heterodoxia no seo do cristianismo. O cristianismo e a colonización de América. A expansión do cristianismo en Galicia, o papel e influencia do culto xacobeo na nosa historia e cultura.

Criterios de avaliación

- Explicar as relacións existentes entre o Xudaísmo, o Cristianismo e o Islamismo, poñendo de manifesto a súa tradición común e os seus trazos característicos diferenciais.
- Valorar a influencia das tres relixións do Libro na configuración da nosa propia historia e cultura, nas manifestacións escritas, plásticas, musicais, rituais e festivas.
- Describir a resposta que o Xudaísmo, Cristianismo e Islamismo teñen dado e dan aos problemas da modernidade social e cultural, ao desenvolvemento científico, á liberdade individual e á democracia.
- Coñecer a influencia da relixión cristiá en América Latina e as súas relacións coa colonización.

BLOQUE 3 : O feito relixioso

- A comunicación entre o relixioso e o profano: as hierofanías. Hierofanías nas relixións politeístas e na tradición relixiosa galega.
- Ningunha relixión sen símbolos. O mito como relato simbólico. O rito e as celebracións. Influencia das relixións nas manifestacións artísticas.
- Influencia da relixión nas tradicións culturais galegas. Festas, romaxes e santuarios.
- As mediacións do feito relixioso: tradicións, persoas mediadoras e ritos litúrxicos.
- A moral relixiosa e os valores éticos universais.
- Deus cuestionado. A diversidade de respostas fronte ao feito relixioso: persoas relixiosas, ateas e agnósticas.

Criterios de avaliación

- Explicar as relacións de comunicación entre o relixioso e o profano nas relacións máis antigas e se é quen de detectar estas manifestacións hierofánicas na cultura tradicional de Galicia

- Coñecer e valorar a presenza significativa dos símbolos nas diversas relixións e a influencia das relixións nas manifestacións artísticas. Igualmente se é quen de detectar e situar esta influencia nas tradicións culturais galegas
- Explicar e valorar a importancia das mediacións no feito relixioso.
- Relacionar a moral propia de cada relixión e os valores éticos de carácter universal.
- Coñecer as doutrinas filosóficas que cuestionan a Deus, se ben de maneira distinta.

Materiais

O desenvolvemento do temario será realizado en gran medida co recurso ó cine. A través de películas e fichas complementarias tentarase facer un percorrido polos contidos que constitúen o programa oficial motivando así o interese pola asignatura. Tamén poderase traballar con fotocopias impartidas polo profesorado con respecto o tema a impartir nese momento e con fichas de actividades sobre as mesmas. Traballarase asimesmo na aula de informática co acceso a internet buscando información para a realización de traballos. Tamén poderá ser utilizado o fondo bibliográfico da nosa biblioteca.

Secuenciación

No primeiro trimestre desenvolverase o primeiro Bloque Temático: Manifestacións relixiosas a través dos tempos. No segundo trimestre o segundo Bloque Temático: As relixións monoteístas, e no último trimestre o terceiro Bloque Temático: O feito relixioso.

Mínimos

Bloque 1º: Manifestacións relixiosas a través dos tempos

- Coñecer e entender a dimensión relixiosa do ser humano dende as súas orixes
- Recoñecer a presenza da relixión no Neolítico Galego
- Características xerais do politeísmo en Mesopotamia e Exipto
- Características xerais do politeísmo en Grecia e Roma
- Caracterizar de maneira xeral as relixións orientais: hinduísmo, budismo, confucianismo, taoísmo, xintoísmo)
- Recoñecer as características xerais das relixións da América precolombina.

Bloque 2º: As relixións monoteístas

- Características xerais do Xudaísmo
- Características xerais do Islamismo
- Características xerais do Cristianismo
- Coñecer, valorar e situar as pegadas das tres grandes relixións monoteístas en España e en Galicia.

-Situación ás Relixións do Libro no contexto actual e de valorar a súa postura con respecto aos descubrimentos científicos, a igualdade de homes e mulleres, á liberdade individual e á democracia

Bloque 3º: O feito relixioso

- Distinguir entre o relixioso e o profano e comprender a súa relación
- Coñecer os símbolos das relixións: mitos, ritos, celebracións; e as súas influencias nas manifestacións artísticas.
- Identificar e caracterizar de maneira xeral as diferentes respostas ante o feito relixioso: relixiosidade, ateísmo, agnosticismo.

Avaliación

A avaliación realizarase tendo en conta todas as actividades, exercicios, participación, traballos de investigación sobre diferentes temas e probas escritas de carácter reflexivo polo que poderán contar con distintos documentos para a súa realización, xa que se pretende fomentar a súa autonomía e madurez crítica. No caso de que algún alumno/a deixe de ter dita actitude participativa e positiva se lle fará un exame teórico para recuperar esa parte dos contidos. Terase en conta a evolución positiva ao longo do curso para a nota final.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro do marco epistemolóxico elixido para elaborar esta programación, marco que aposta pola aprendizaxe significativa dende o punto de vista constructivista que sitúa ós alumn@s non como receptores pasivos, senón como suxeitos activos en diálogo cunha materia. A orientación do profesorado@ posibilita así a propia construción de significado dos contidos sen separar nunca a teoría da práctica, nin desconectar do mundo social no que se habita. Tendo, por tanto, en conta as aportacións de toda a Teoría Crítica e tamén da Teoría da acción comunicativa de Habermas sobre sociedade e educación, non é posible esquecer a realidade específica deste centro educativo e o seu contexto sociohistórico e económico concreto que determina moitas das variables que conflúen no proceso educativo do alumnado, neste caso, chairego.

As dificultades, xa sinaladas, de carencias orzamentarias inflúen tamén neste tema. O feito de ter sempre problemas de espazo, falta de recursos incide no tempo e medios que é posible dedicar a este tema e o que sería desexable, distancia que ten que ser salvada na praxe de formas non sempre óptimas.

O I.E.S. "S. Basanta Silva" acolle poboación estudiantil, non só de Vilalba senón de distintos concellos da Terra Chá con características ás veces moi diferentes: poboación dispersa en casas illadas ou pequenos núcleos de poboación rurais, comunicacións a través de transporte público limitadas, acceso desigual a servizos como bibliotecas, actividades formativas complementarias; deportes e infraestruturas para os mesmos, novas tecnoloxías como internet ... etc. fan que teña que ser analizado para tentar acadar un mellor acceso á igualdade de oportunidades, xa que determinadas

tarefas non teñen o mesmo grao de dificultade en función doutros factores (por exemplo, un traballo que deba ser realizado en grupo ou utilizando novas tecnoloxías que requira tempo exterior ó da propia aula presenta moitas dificultades para certa parte do alumnado) o cal debe ser tido en conta para facilitar alternativas e posibles vías de solución. Na medida do posible ben en períodos de lecer ou coa axuda dos datos e materiais aportados polo profesorado de cada unha das materias deste Departamento, estas diferencias deben ser minimizadas nas súas consecuencias negativas.

Actividades de apoio nos recreos que dende hai anos se desenvolven programadas polo Departamento, (con moi boa acollida por parte do alumnado que acude voluntariamente en momentos de lecer e fan posible así a súa continuidade) pretenden detectar ditas diferencias e palialas. Moitas veces persoas que parecen ter máis dificultades individuais para seguir un ritmo adecuado no curso teñen, de feito, outros problemas que dende a filosofía e materias afines poden nalgún caso resolverse. Por outra parte estas actividades son moi eficaces para profundizar en temas interesantes para a súa formación como persoas que motivan a súa curiosidade pero que a premura imposta pola carencia de tempo e medios non permite tratar na medida adecuada nas clases: cuestións de psicoloxía (especial mente as relacionadas coa personalidade, procesos de madurez e comunicación que están vivindo nestes momentos) de lóxica, de actualidade, tamén aparecen sempre as relacionadas cos comentarios de textos filosóficos que, como actividade nova, presenta dificultades.

En coherencia co anterior algunhas das actividades complementarias e extraescolares teñen como fin principal tentar servir como canle para que determinados alumn@s que non teñen tantas posibilidades de acceder pola súa conta a recursos e fontes de coñecemento, dos que se lles fan comentarios nas informacións teóricas podan enriquecerse coa presenza práctica e a utilización das mesmas de forma directa. Viaxes como o de Santiago, Porto ou Madrid con museos de recente creación e de interese real para a asimilación dos coñecementos sobre o ser humano, arte e estética, comunicación e linguaxe, realidade e construcións sociais.. están lonxe da realidade cotiá de moitos dos alumnos e alumnas chairegos se as institucións educativas non os achegan.

Dende hai anos é posible observar nas aulas e en todos os ciclos un gran incremento de problemas relacionados coa intelixencia emocional. Mentres se atenden contidos de tipo intelectual os alumn@s seguen tendo graves dificultades para harmonizar o seu mundo interior e relacionarse co entorno social. Neste centro no que o alumnado se xunta procedente de zonas de poboación dispersa, cobra unha enorme importancia para eles e elas a relación co seu grupo de pares polo que se agudiza a sensibilidade para vivir esas relacións, o que moitas veces motiva dramatizacións que agudizan os problemas de ansiedade e depresión que moitos presentan (non é raro atoparse nunha mesma titoría con varios alumn@s a tratamento por ansiedade, depresión, bloqueos ante exames ou actividades que impliquen estrés). É cada día máis urxente proporcionar as persoas que estudian ensinanzas secundarias e tamén os que somos docentes, estratexias para abordar un problema cada vez máis presente na nosa sociedade, sendo moito máis vulnerables os

alumn@s polo momento de formación que están pasando. Dende o Departamento de Filosofía somos conscientes da cercanía dos contidos da materia de filosofía a eses problemas que pode ter todo ser humano: sentido da existencia, mecanismos de defensa, opcións diverxentes de coñecemento e vida... e trataremos de telos en conta pero é preciso que se inclúan contidos nos currículos oficiais (é posible dende diferentes ópticas e disciplinas educativas) relacionados con este aspecto fundamental no desenvolvemento da personalidade e que hoxe sabemos intimamente vencellado ao "éxito" ou "fracaso" vital.

Tendo en conta todo o anteriormente dito pasamos a continuación a detallar máis pormenorizadamente as medidas que se tomarían no suposto de atoparnos con alumna/os con necesidades educativas especiais ou alumna/os con sobredotación intelectual, colaborando en tales casos en todo momento co Departamento de Orientación do centro

- Adaptación da unidade a alumnos/as con necesidades educativas especiais:
 - Adaptación por flexibilización de contidos. Adaptar os mesmos co fin de acadar os obxectivos mínimos da unidade.
 - Flexibilización de actividades. Tempos e secuencialización das mesmas.
 - Flexibilización de probas avaliatorias. Forma, tempos e secuencialización.
 - En caso de dificultades motórico-finas, proporcionaráselle á/o alumna/o o material en soporte informático e farase o seguimento da/o alumna/o así como a realización das distintas probas no mesmo soporte.
- Alumnado con sobredotación intelectual

Detectadas os alumnos/as cas características sinaladas ao longo do curso, proporase un reforzo de obxectivos e contidos en base á seguinte estratexia didáctica:

- Lectura dunha obra do autor, escollida pola alumna/o entre unha selección proposta. A partir da mesma a alumna/o fará unha recensión, realizando unha análise crítica, onde profundizará dende unha perspectiva persoal do autor.
- A partir do pensamento do autor, fará unha reflexión e unha análise da realidade contemporánea; por exemplo, unha reflexión sobre a sociedade científico-técnica ou acontecementos políticos de relevancia.

TEMAS TRANSVERSAIS

Dentro dos obxectivos de todas as materias deste departamento, recollidos explicitamente na presente programación, atópanse a valoración da libre expresión de ideas, da tolerancia e do diálogo racional como instrumentos

para solucionar conflitos e lograr unha convivencia pacífica; o intento de construír unha sociedade máis xusta baseada no respecto polos dereitos humanos; a denuncia de todo asomo de xustificación das desigualdades sociais, e a defensa da natureza e o medio ambiente como único camiño para acadar un desenvolvemento sostible.

Conseguir estes obxectivos implica necesariamente ocuparse activa e criticamente das actitudes e valores, moitas veces inconscientes, presentes na comunidade educativa e no seu entorno, desenmascarar prexuízos e reflexionar sobre os grandes problemas que afectan á humanidade na actualidade e os medios de que dispoñemos para superalos.

Esta necesidade de reflexión crítica estase a facer cada día máis evidente debido a presenza de novos colectivos nas aulas (alumnado emigrante, sobre todo) que fai preciso unha sensibilidade maior no tratamento de actitudes presentes(moitas veces de maneira inconsciente e solapada sendo por iso máis perigosos e difíciles de tratar): igualdade nas interaccións e nas oportunidades entre home e muller, distintas razas, opcións persoais de liberdade e autonomía que deben ser respectadas, etc., reclaman unha maior, e máis lúcida, análise para que imaxes androcéntricas e sexistas, etnocéntricas ou prepotentes por parte dos colectivos hexemónicos, non fagan naufragar a enorme riqueza que pode propiciar a diversidade si se respectan os dereitos de tod@s. Ocuparse destes temas activamente supón diminuír o nivel de conflito nas aulas e, sobre todo, que as persoas que somos partícipes do proceso educativo, tanto alumn@s como profesores, aprendamos a negociar creativamente o conflito acadando formas alternativas de encauzar a violencia que pode chegar a alcanzar se non se prevén ditas situacións.

Por poñer un exemplo concreto as diferencias rural urbano que non deberían levar a dificultades de entendemento aparecen reiteradamente como dificultades de comunicación que enmascaran rivalidades baixo outras formas de exteriorización (roupa, ideas, sentimentos de autoestima...) poden ser reconducidos cando se analizan causas e se fan explícitos en traballos de indagación racional nos que descubren conscientemente outras posibilidades. A antropoloxía ou a socioloxía mediante traballos de investigación etnográfica son fonte inagotable de saber e autocoñecemento, pero son precisos máis medios para facelos reais nos centros educativos.

Vemos pois, que na programación deste Departamento quedan claramente reflectidos os devanditos temas transversais

- Educación para a **paz**, a convivencia e a defensa dos valores democráticos e, polo tanto, a condena de actitudes violentas, intolerantes e antisociais.
- Educación para a **igualdade** de oportunidades e interrelacións entre persoas de distinto xénero, cultura, orixe social ou capacidade e, polo tanto, o rexeitamento de calquera prexuízo sexista, racista ou de calquera outra índole e a denuncia do máis mínimo asomo de discriminación.
- Educación para o **respecto polo medio ambiente** e, polo tanto, a crítica de toda actitude que impida o desenvolvemento sostible dos homes no planeta.

PROGRAMA DE REFORZO A PENDENTES

Neste curso 2007- 2008 o Departamento de Filosofía non conta con ningún alumno/a que teña algunha materia pendente das que estamos a

impartir. Así e todo, especificaremos aquí algunhas medidas a adoptar de darse ese o caso aínda que hai que ter en conta que tales medidas poden variar dependendo da materia en cuestión a recuperar.

Ao inicio de curso a xefa do departamento convocará a unha reunión a todos os alumnos con materias pendentes do noso departamento. Nela se lles indicará como se estruturan as materias por avaliación, tendo en conta o temario impartido no curso anterior. Se lles dará unha serie de indicacións para traballar dita materia e se lles informará que poderán ser atendidos por parte de dita profesora tanto nos períodos de lecer nos que estea dispoñible como os mércores de catro a cinco da tarde, día no que o centro permanece aberto pola tarde sen haber períodos lectivos. Contarán con un exame de recuperación por avaliación, sendo as datas dos mesmos establecidas pola Comisión Pedagóxica do Centro. De non recuperar a materia nesas tres avaliacións contarán cun exame extraordinario en Setembro para poder facelo.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

A **Proposta de actividades complementarias e extraescolares** vese claramente afectada, como xa ocorreu nos últimos anos, pola drástica redución de presuposto para o noso entro, agravada a situación neste curso actual pola necesidade de derivar gran parte dos medios existentes cara necesidades doutro tipo. Aínda así consideramos que debemos realizar esta Programación para ser coherentes coa filosofía que fundamenta a mesma e o concepto de ensino público defendido por este Departamento nos últimos anos. A realización ou viabilidade das mesmas será establecida ao longo do curso en función dos escasos recursos dispoñibles ou de novas aportacións ós orzamentos.

Na asignatura de **Cultura Relixiosa nos cursos de 4º de E.S.O. e 1º de B.A. C. e de Hª e Cultura das relixións de 1º e 3º da ESO**, propóñense as seguintes actividades:

- A partir do segundo trimestre se tentará levalos, co fin de que comprendan os contidos en directa relación co seu contexto máis próximo, a visitar o mosteiro de Sta María de Meira e o museo etnográfico de F.Villapol na Pastoriza (dado que moitos deles coñecen xa de visitas anteriores o Castro de Viladonga) á volta e dadas as lendas e rituais presentes en toda a zona quizais, se o tempo o permite, facer algunha ruta como a da poesía ("Azúmara") en Castro de Rei ou a algunha das lagoas (Caque ou a de Cospeito).
- O alumnado de **Cultura Relixiosa de 1º BAC** participarán tamén da viaxe ao Parlamento de Galicia, xunto co alumnado de 2º de BAC de Socioloxía e se é posible os de Ética e Filosofía do Dereito de 1º de BAC. xa que paralelamente poderíase facer unha visita á Catedral e Museo da mesma.

Dentro da asignatura de **Ética de 4º da E.S.O.** consideramos adecuado proxectar as seguintes actividades que complementen o currículo oficial e que estimulen o interese dos alumn@s polas dimensións prácticas e cotiás do mesmo en coherencia coa programación anteriormente descrita

Primeiro trimestre : Como en anos anteriores invitarase a Amnistía Internacional a pronunciar unha conferencia con motivo do Día dos Dereitos Humanos.

Segundo trimestre: Actividades que, en relación co programa, sirvan para conmemorar o día da muller traballadora .

Posibilidade de saír a exposicións, conferencia e outras actividades que teñan lugar no pobo e unha película ou obra de teatro a Lugo.

Ciencias Políticas de 2º de B.A.C e Ética e Filosofía do Dereito de 1º B.A.C.:

- Viaxe a Santiago para visitar o Parlamento galego, a ser posible farase coincidir cunha sesión parlamentaria e con outras actividades complementarias na cidade (visita ao Museo da Catedral)
- Visita a algún xulgado, a poder ser da vila e senón de Lugo, para asistir a un xuízo.
- Viaxe a Tui e Porto co obxecto de visitar institucións políticas, culturais ou artísticas.

Filosofía 1ª B.A.C:

- Posibilidade dunha visita a Lugo con obxecto de visitar algunha exposición función teatral e tamén ir o cine a ver unha película que sirva de complemento a certas partes do programa. Tamén a posibilidade da función dun contacontos
- Posibilidade dunha conferencia sobre Prehistoria a cargo dun responsable do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba
- Posibilidade dunha exposición de paneis sobre Patrimonio, tamén en colaboración co Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

A nivel xeral do Departamento posibilidade de asistir a algunha actividade como función teatral, sesión de cine, exposicións que poidan xurdir no transcurso do curso e que teñen algunha conexión co temario a impartir de calquera das nosas materias.

- Solicitaríase a colaboración doutros departamentos do Instituto como xa se fixo na Comisión Pedagóxica para publicar a revista do centro.
- Como en anos anteriores e dado que a experiencia foi moi positiva nos resultados acadados, repetiranse as sesións de axuda en períodos de lecer e de forma voluntaria para aqueles alumn@s que presenten dificultades na asignatura de Filosofía.
- Con todos os cursos tratarase de acadar a participación do alumnado na celebración das do Día das Letras Chairegas no caso de que sexan superados os problemas existentes e volva ser convocado.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Filosofía do I.E.S. "Santiago Basanta Silva" de Vilalba está formado no presente curso 2007-2008 polos seguintes membros:

Prof. : Jesús Basanta Paredes	-----	Ética de 4º de ESO (5 grupos = 5 horas) Cultura Religiosa de 4º ESO (2 grupos = 2 horas) e 1º de BAC (1 grupo = 2 horas) Historia e Cultura das Relixións 3º ESO (1 grupo = 1 hora) Completa con 8 horas de Lingua e Literatura Castelá
Prof.: María S. Trillo Leis	-----	Filosofía II de 2º de BAC (3 grupos = 9 horas) Ética e Fª do Dereito, 1º de BAC (1 grupo = 4 horas) Cultura Religiosa, 1º de BAC (1 grupo = 2 horas) Atención Educativa 3º ESO (1 grupo = 1 hora) Xefatura da Departamento
Prof. : Carmen Cabaneiro	-----	Filosofía I de 1º BAC (4 grupos = 12 horas) Socioloxía e CC. Políticas de 2º BAC (1 grupo = 4 horas) Historia e Cultura das Relixións (1 grupo = 2 horas)

(Asdo: C.Cabaneiro)

(Asdo: María S.Trillo)

(Asdo: Jesús Basanta)